



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Grao en Mestra de Educación Primaria

Curso 2014-15

Traballo Fin de Grao

As saídas escolares en Educación Primaria:

unha necesidade de onte e de hoxe

Autora: Rosa Mouzo Villar

Titor: Xosé Armas Castro

Santiago, xullo, 2015

As saídas escolares en Educación Primaria: unha necesidade de onte e de hoxe

Las salidas escolares en Educación Primaria: una necesidad de ayer y de hoy

School trips at Primary school: a past and present need

Resumo

As saídas escolares son actividades académicas dun importante valor no proceso de ensino-aprendizaxe. Este tipo de prácticas introduciuse na escola da man dos movementos de renovación pedagóxica co propósito de unir aprendizaxe e experiencia, de establecer un vínculo estreito entre a escola e o contexto que a rodea. As saídas didácticas foron pensadas para romper esa barreira entre a escola e a comunidade, e polo tanto, é fundamental a súa integración no currículo de Educación Primaria, xa que contribúen a un desenvolvemento pleno dos alumnos e alumnas, tanto desde o nivel educativo coma desde o nivel persoal. A indagación que realizamos con seis mestras de educación primaria da área próxima a Carballo pon de manifesto que os mestres utilizan habitualmente este recurso e consideran que ofrece moitas vantaxes educativas, aínda que non están exentas de dificultades e obstáculos.

Palabras chave: saídas escolares, educación primaria, concepcións do profesorado, cuestionario

Resumen

Las salidas escolares son actividades académicas de un importante valor en el proceso de enseñanza-aprendizaje. Este tipo de prácticas se introdujo en la escuela por medio de los movimientos de renovación pedagógica con el propósito de unir aprendizaje y experiencia, de establecer un vínculo estrecho entre la escuela y el contexto que la rodea. Las salidas didácticas han sido pensadas para romper esa barrera entre la escuela y la comunidad, y por lo tanto, es fundamental su integración en el currículo de Educación Primaria, ya que contribuyen a un desenvolvimiento pleno de los alumnos y alumnas, tanto desde el nivel educativo como desde el nivel personal. La indagación que realizamos con seis maestras de educación primaria de una área próxima a Carballo pone de manifiesto que los maestros utilizan habitualmente este recurso y consideran que ofrece muchas más ventajas educativas, aunque no está exento de dificultades y de obstáculos.

Palabras clave: salidas escolares, educación primaria, concepciones del profesorado, cuestionario

Abstract

School trips are academic activities of vital importance in the teaching-learning process. This practice was introduced in schools thanks to educational renovation movements in order to join learning and experience as well as establish a strong bond with the school and its surroundings. School trips were conceived so as to break that barrier between the school and community. Therefore, its implementation in the curriculum of Primary Education is essential as they contribute to an enriching personal and educational development among the pupils. The research that has been done concerning six primary school teachers near Carballo clearly shows that teachers frequently use this resource as they firmly believe it has several educational advantages even though it also does have drawbacks.

Key words: school trips, primary education, teacher's perceptions, questionnaire.

Índice

1. Introducción.....	2
2. Obxectivos.....	3
3. Metodoloxía	4
4. As saídas escolares como actividades innovadoras en educación.....	7
4.1. Orixes.....	8
4.2. Diferentes tipos de saídas	10
4.3. Deseño e desenvolvemento das saídas	11
4.4. Valoración	13
5. Os mestres de primaria e as saídas escolares.....	16
5.1 Aspectos que ten en conta o profesorado de cara ás saídas escolares.....	18
6. As concepcións e as prácticas do profesorado informante	19
6.1 Análise dos cuestionarios.....	21
6.1.1. Frecuencia e destinos.....	21
6.1.2 Actividades desenvolvidas	23
6.1.3 Vantaxes educativas.....	26
6.1.4 Nivel de satisfacción.....	27
6.1.5 Obstáculos.....	27
7. Conclusións.....	28
8. Referencias bibliográficas	31
Anexos.....	33
1. Modelo de cuestionario	34
2. Cuestionarios cubertos.....	37
2.1 Cuestionario M1.....	37
2.2 Cuestionario M2.....	46
2.3 Cuestionario M3.....	52
2.4 Cuestionario M4.....	57
2.5 Cuestionario M5.....	61
2.6 Cuestionario M6.....	65

1. Introducción

Ó pensar en saídas escolares probablemente todos e todas lembremos algunhas nas que participamos de nenos/as, aínda que pasaran xa moitos anos, pois como apunta Molina (2010), non cabe dúbida que as saídas escolares teñen unha importancia de primeira orde no proceso de ensino-aprendizaxe de todo alumno. Seguramente recordemos lugares que visitamos, anécdotas que vivimos cos nosos compañeiros/as e contidos curriculares que traballamos durante esa actividade extraescolar, pois quedaron gardados para sempre na nosa memoria, fundamentalmente porque contan con dous compoñentes significativos: a motivación e a diversión.

Estas actividades constitúen unha apertura ó mundo para os nenos e nenas, xa que lles brindan a oportunidade de experimentar, de observar, de manipular, de vivir en directo, ó tempo que obteñen coñecementos, amplían destrezas ou fomentan o desenvolvemento persoal. Para que estas prácticas acaden un bo resultado no proceso de ensino-aprendizaxe do noso alumnado, é preciso facelos partícipes delas, pois como sinala Wass (1992):

Ó examinar o entorno proporcionámoslles ós alumnos unha oportunidade de exercer as súas destrezas en situacións nas que é preciso resolver problemas reais, en especial se tiveron algunha influencia na planificación e no desenvolvemento das excursións.

Calquera que sexa a denominación que empreguemos para referirnos a elas (Travé 2003), as saídas de investigación, visitas educativas, itinerarios didácticos ou saídas escolares, como preferimos denominalas, son un recurso didáctico que ten lugar fóra da aula cun importante valor educativo, pero tamén social. A súa posta en práctica permite experimentar *in situ* contidos do currículo dunha maneira máis amena e atractiva, escapando do academicismo máis estéril. Dado que toda saída está pensada para un grupo, os nenos/as teñen que convivir cos compañeiros/as, e polo tanto deben acatar unhas normas, chegar a acordos, cooperar entre eles/as, etc., o que provoca que se desenvolvan socialmente a un ritmo moito maior do que o farían na aula. Deste xeito, as saídas contribúen á súa formación como alumnos, a nivel educativo, e como individuos dunha sociedade, a nivel persoal.

Ademais, son unha boa ferramenta para conseguir que a escola e a sociedade se unan eliminando as barreiras que as separa, estando tan próximas e tan afastadas ó mesmo tempo, como ilustra este pequeno fragmento tirado do filme *A lingua das bolboretas*¹:

Non sei se vostedes se decataron, pero achégase a primavera, de xeito que en canto o tempo se asente un pouco, a clase de historia natural darémola no campo. A vostedes gústalles a natureza? Xa, non se detiveron a mirala.

Ás veces resúltanos alleo algo que temos ó noso carón, algo no que participamos todos os días sen reparar nel, por iso a escola debe ir máis alá das paredes da aula. As saídas didácticas son un bo instrumento para combater isto, proporcionándolle ó alumnado unha aprendizaxe significativa sobre o mundo que o rodea.

2. Obxectivos

Este Traballo Fin de Grao (de aquí en diante TFG) concibímoloo como unha aproximación ó estudo das saídas escolares. Consideramos que é importante reflexionar sobre elas durante o proceso da nosa formación para así asentarmos mellor a súa utilidade educativa e tirarlle todo o rendemento posible no futuro como mestres/as de educación primaria.

A liña na que se insire este TFG é de iniciación á investigación. Ó abeiro desta modalidade realizamos un traballo de campo a través da distribución de cuestionarios que nos serven para aproximarnos ás representacións que teñen os mestres/as dunha pequena área (que delimitaremos máis adiante) sobre as saídas didácticas. Deste xeito, os obxectivos que vertebran este traballo son:

1. Levar a cabo unha revisión da bibliografía existente en relación coa práctica das saídas escolares en xeral, e en particular en educación primaria.
2. Identificar as representacións dos mestres/as sobre estas actividades atendendo ás utilidades, beneficios, dificultades, etc.

¹ José Luís Cuerda (dir) (1999), producida por Sogetel, Las Producciones del Escorpión, Grupo voz, 91',32''.

3. Realizar suxestións de liñas de mellora para que estas experiencias educativas produzan os efectos máis beneficiosos.

Nun traballo destas características é necesario realizar unha revisión da bibliografía que consideramos máis relevante, tanto do ámbito nacional coma internacional, que nos ofrezca unha panorámica da situación das saídas didácticas nas diferentes etapas educativas, aínda que nos centraremos especialmente na educación primaria por ser a especialidade á que pertencemos.

Tamén nos resultou interesante, máis alá da información e dos coñecementos que nos achega a bibliografía especializada, coñecermos as ideas que o profesorado ten sobre estas actividades a través dun cuestionario de preguntas abertas no que deron conta de todo aquilo que consideraron pertinente sobre as saídas: a súa preparación, desenvolvemento e reflexión; as súas vantaxes e utilidades pedagóxicas; o nivel de satisfacción tanto do profesorado como do alumnado e as dificultades ou obstáculos cos que se atopan.

Para finalizar, despois de revisarmos a bibliografía e analizar os datos obtidos no traballo de campo, contrastando a información obtida dunha e doutra análise, consideramos que é proveitoso propoñer algunhas ideas coas que mellorar, se cabe, estas experiencias educativas fóra da aula. Isto sería interesante tanto desde o ámbito educativo coma desde o persoal, xa que as saídas escolares abren a escola ó contorno establecendo unha conexión entre o alumnado e a vida, aprendéndolle a observar, interpretar e valorar, promovendo relacións persoais e valores democráticos (Armas 2012).

3. Metodoloxía

Como xa se pode inferir a partir da epígrafe anterior, este traballo realizámolo principalmente en tres fases consecutivas: consulta bibliográfica, traballo de campo a través de cuestionarios a unha mostra de mestres e análise dos resultados obtidos.

Comezamos realizando a consulta dos estudos previos existentes sobre as saídas escolares que nos foron abrindo camiño nun tema que para nós era descoñecido.

Neste terreo resultáronnos especialmente útiles os traballos de Vilarrasa (2003), del Carmen (2003), Travé (2003), Ruíz Medina (2008), e Armas (2012), para o caso español, e Wass (1992), Kisiel (2005) ou Dillon (2006) nos países da nosa contorna.

Posteriormente, realizamos un traballo de campo aplicando un cuestionario a unha mostra de mestres da área noroccidental da provincia da Coruña. Para a recollida de información utilizamos un cuestionario de preguntas abertas coas que pretendiamos obter información rica e detallada sobre as concepcións e representacións que este profesorado ten sobre as saídas escolares na educación primaria. A nosa finalidade era comprender, analizar e explicar nun contexto determinado unha práctica educativa concreta: as saídas didácticas. Non nos interesaba obter unha grande cantidade de datos, senón descrições interpretativas en profundidade, que nos permitisen obter información detallada a pequena escala e que nos ofrecese unha maior profundidade no que respecta ó estudo destas prácticas educativas (Blaxter, Hugues e Tight, 2008).

Elaboramos un cuestionario composto por once preguntas, todas elas de resposta aberta para que quedase constancia de todo aquilo que as persoas entrevistadas considerasen oportuno sobre estas actividades fóra da aula, e sobre cada un dos interrogantes, estando focalizada a atención nas motivacións, o desenvolvemento, as vantaxes e utilidades e os obstáculos cos que se poden atopar.

Dado que o noso obxectivo era elaborar un estudo detallado das saídas escolares nunha área xeográfica limitada e próxima, seleccionamos o profesorado que participaría na nosa pescuda e os lugares de traballo deste en función da facilidade de acceso aos informantes e da súa voluntariedade de participación. Ademais, ó tratarse dunha investigación de tipo cualitativo, consideramos que a confianza á hora de responder ás preguntas ía facilitar que se desinhibisen máis á hora de contestar e que fosen o máis explícitos posibles nas respostas. Contamos con seis informantes pertencentes ó ensino primario que, para non revelar a súa identidade, referirémonos a eles como M1, M2, M3, M4, M5 e M6.

M1. Mestra da especialidade de música, de 33 anos de idade e sete anos de experiencia no ensino público. Adoita levar a cabo festivais nos que o alumnado interpreta no escenario diversas actividades representadas coa música e os seus

ámbitos, normalmente a finais de cada trimestre e de fin de curso. Sempre que pode traballa por proxectos. Ten praza desde hai sete anos, pero agora mesmo está como substituta de zona en Santiago. O último centro no que estivo este ano foi o C.E.I.P. San Marcos, de Abegondo.

M2. Mestra de Educación Primaria, de 35 anos de idade e con dez anos de experiencia durante os que percorreu un total de trinta e dous centros educativos distintos. Actualmente desempeña a súa actividade docente no C.E.I.P. Praia de Quenxe de Corcubión. Realizou proxectos de formación permanente referentes á concepción construtivista e estivo en grupos de traballo nos que se formou sobre o traballo por proxectos.


M3. Mestra especialista en lingua estranxeira inglés, que tamén estivo en centros como mestra de Primaria e titora. Ten 41 anos de idade e cinco anos de experiencia. Os últimos proxectos nos que participou son *Aprendizaxe cooperativa* e *Nós tamén creamos*. Actualmente desempeña a súa actividade docente no C.E.I.P. de Carnota.

M4. Mestra de Educación Primaria e Licenciada en Comunicación Audiovisual, de 31 anos de idade e oito anos de experiencia docente. Traballou sempre en centros públicos da provincia da Coruña. Traballa na aula as materias ordinarias a través de diferentes metodoloxías globalizadas e tendo sempre presentes as novas tecnoloxías como soporte motivador. Actualmente desempeña a súa actividade docente en Oza dos Ríos.

M5. Mestra de Educación Primaria de 58 anos de idade e trinta e dous anos de experiencia sempre en centros de Coristanco. Apunta que sempre lle gustou innovar e que xa ó pouco tempo de estrearse como docente traballaba no que hoxe se denomina traballo por proxectos.

M6. Mestra de Educación Primaria de 57 anos de idade e trinta anos de experiencia como docente. Leva vinte e seis anos no mesmo centro educativo en Cerceda. Participa nos proxectos *Avalar*, *Regio*, *Comenius* e *Eva*.

Mapa de localización dos centros informantes



4. As saídas escolares como actividades innovadoras en educación

Entendemos por *saída* “unha experiencia educativa que se realiza en grupo, cos nenos e a participación de adultos e que implica un desprazamento dirixido a outros espazos fóra ou dentro do recinto escolar” (Tejada 2009, 3). Este tipo de actividades poden levarse a cabo durante calquera etapa educativa: infantil, primaria, secundaria, bacharelato ou mesmo universitaria, e con elas o que se pretende é un desenvolvemento completo do alumno vinculando a aprendizaxe á experiencia, establecendo unha estreita relación entre a aprendizaxe na aula e o contorno do alumnado.

As saídas didácticas son prácticas asociadas fundamentalmente ós movementos de renovación pedagóxica, que rexeitan a idea de recluír o alumnado nunha aula, trasladando esta a un espazo público, co obxectivo de formar cidadáns críticos que saiban observar, comprender e reflexionar sobre o que os rodea, máis alá de contidos teóricos que moitas veces lles resultan máis descoñecidos do que en realidade son, por formularllos como algo abstracto aínda que en realidade sexan próximos a eles.

Nun dos nosos prácticums, durante a nosa formación no grao en mestre/a en Educación Primaria, tivemos que deseñar unha unidade didáctica para a materia de

coñecemento do medio dirixida ó alumnado de 3º de Primaria sobre os minerais. A información que contiña o libro de texto non estaba pensada para que o alumnado saíse a observar os minerais cos que se atopaban eses nenos e nenas no seu medio, senón que lles proporcionaban unha morea de nomes, as súas definicións e algunhas imaxes, cos que probablemente se atoparían en revistas, etc., pero non na vida real. Nese momento consideráramos que o máis apropiado era traballar algúns conceptos básicos na aula, e logo trasladar a nosa clase de coñecemento do medio: saír fóra e observar os minerais que atopaban no parque, nos camiños..., que os tocasen, e que comprobasen cales eran as súas propiedades e facer as súas pequenas investigacións que puideron reflectir en diferentes murais. A combinación da teoría e da experimentación deu bos resultados:



aproximou os nenos ó seu contorno e permitiulles vivir a experiencia directa de contidos que probablemente antes lles resultarían máis imprecisos. Alén disto, este tipo de aprendizaxe contribuíu a que o alumnado formulase preguntas, realizase comprobacións, propuxese respostas, é dicir, axudou á súa formación como cidadáns máis críticos ó tempo que colaboraron entres eles, establecendo ademais lazos de relacións máis estreitas. Polo tanto, este tipo de prácticas non só serve para a mellora de contidos curriculares propiamente ditos, senón tamén para a súa formación como persoas que viven en sociedade (Vilarrasa, 2003).

4.1. Orixes

As saídas escolares son aínda hoxe consideradas actividades innovadoras, mais este tipo de prácticas veñen realizándose desde hai moito tempo en educación. Segundo Armas (2012) as primeiras formulacións modernas a favor dunha educación vinculada coa natureza atopámolas en Comenio (1592–1670), que recomendaba un coñecemento escolar de primeira man, ensinándolle ó alumnado a coñecer e a observar.

Máis tarde, Rousseau e Pestalozzi (século XVII) introduciron as saídas didácticas e o contacto coa natureza no pensamento pedagóxico da Escola Nova, xa que este tipo de prácticas escolares provocaba unha comprensión máis clara da realidade, converténdose así nun método fundamental para o ensino da xeografía, da historia e das ciencias naturais. Estas ideas tiveron moi boa acollida na renovación pedagóxica que se desenvolveu en Europa da man de autores que pertencían á Escola Nova, realizando excursións a lugares de interese natural ou histórico-cultural ó longo dos séculos XIX e XX. Así, formaban cidadáns instruídos, coñecedores da xeografía e da historia do propio país, e dotados de sentimento patriótico.

En España estas ideas renovadoras non se expandirían ata ben entrado o século XIX, da man da Institución de Libre Ensinanza (ILE) e dos mestres e mestras máis ilustres deste movemento pedagóxico. Estes serían os encargados de difundir moitas das ideas rousseauianas e pestalozzianas, chegando a converter tamén as excursións nuns dos seus sinais de identidade. De feito, acadaron tal relevancia que as incorporaron as novas correntes pedagóxicas da Segunda República nos seus programas de formación de mestres (Armas 2012)².



Pero estas prácticas educativas víronse reducidas drasticamente co franquismo, converténdose en anecdóticas e controlándose ideoloxicamente, facendo xirar o sistema escolar cara ó illamento do contorno e o academicismo máis estéril. Mais a partir da década dos sesenta do século XX foron adquirindo novos sentidos. Coa democratización do ensino e coas novas teorías da aprendizaxe ademais das saídas escolares en si e o seu aproveitamento educativo estreitamente relacionado cos coñecementos xeográficos, históricos ou naturais, cobrou moita importancia o desenvolvemento das capacidades intelectuais dos nenos e nenas que participaban

² A ilustración que acompaña o texto é unha escena da película *A lingua das bolboretas*, de José Luís Cuerda (1999), unha adaptación cinematográfica de varios relatos de Manolo Rivas. Podemos atopala no enderezo electrónico <https://manuelsegura.wordpress.com/2014/02/20/la-dignidad-del-maestro/>.

nas actividades que tiñan lugar fóra da aula, relacionadas coa toma de datos, a indagación e o xuízo crítico. Á par disto, tamén ocupou un lugar relevante a promoción de valores como a cooperación, o traballo en equipo e o respecto cara ó patrimonio natural e cultural (Travé, 2003).

Na actualidade as saídas escolares seguen realizándose, vinculando a aprendizaxe á experiencia: observar, comprender e coñecer, co alumnado como suxeito activo, que vive a aprendizaxe en primeira persoa e non sendo suxeito pasivo que atende o testemuño do docente. Non entanto, nas últimas décadas están experimentando un certo retroceso como consecuencia dos recortes do gasto público na educación e o descontento que isto ten producido entre o profesorado (Kisiel, 2005; Armas, 2012).

4.2. Diferentes tipos de saídas

Seguindo a Vilarrasa (2003: 17-19), podemos establecer tres tipos de saídas escolares: saídas vivenciais, saídas de experimentación e saídas de participación.

As saídas vivenciais son un modelo de saídas destinadas basicamente ó aumento das experiencias vividas e a achegar ó grupo o referente dunha vivencia compartida. Lévanse a cabo nunha fase inicial da unidade didáctica que se estea traballando na aula, coa finalidade de introducir un tema novo, motivar o alumnado, detectar e mobilizar aquilo que os alumnos xa saben, formularlles novos interrogantes e tomar conciencia dos obxectivos de aprendizaxe da unidade. Preténdese provocar vivencias, por iso as actividades que se levan a cabo neste tipo de saídas son de observar, escoitar, contemplar, percorrer, etc.

As saídas de experimentación son outro tipo de saídas, que se adoitan levar a cabo mentres se está desenvolvendo unha unidade didáctica, están directamente relacionadas co traballo experimental, xa que o profesorado organízalas co propósito de poñer ó alcance do seu alumnado unha realidade sobre a que experimentar e sobre a que obter nova información e construír novos coñecementos. Para isto é necesario que recollan as observacións e os datos que consideren oportunos para resolver as incógnitas que eles considerasen no punto inicial da saída, e reflexionarán sobre elas ó finalizar a actividade. Con estas saídas trabállase tamén de maneira importante a

cooperación e os lazos persoais entre o alumnado, como elementos de importante valor educativo, máis alá da actividade de investigación.

A saída de participación, segundo Vilarrasa (2003) acostúmase levar á práctica na fase final dunha unidade didáctica, xa que ten lugar nun momento no que o alumnado xa adquiriu coñecementos ou reelaborou algúns que xa tiña. Deste xeito, aprenden a participar como cidadáns e cidadás en democracia formulando preguntas que lles permitan reflexionar, valorar, participar, comunicar... , despois de ter xa unha opinión formada, e así van construindo e aplicando principios de actuación, converténdose en cidadáns críticos que conviven nunha sociedade plural e tolerante.

Aínda que se levan a cabo calquera destes tres tipos de saídas, Vilarrasa (2003) apunta que a saída de experimentación se reduciu considerablemente, mentres que a saída vivencial aumentou de xeito importante, e a saída de participación permanece nun horizonte utópico ó contar con escasas realizacións. De calquera xeito, calquera dos modelos mencionados pode levarse a cabo, pero para realizarse con éxito é fundamental unha preparación previa por parte do profesorado, facendo partícipe tamén o alumnado.

4.3. Deseño e desenvolvemento das saídas

Cando temos en mente realizar unha saída didáctica co noso alumnado e nos dispoñemos a programala, temos que facelo atendendo a tres niveis, segundo Ruíz Medina (2008: 125-126): o centro, a aula e os pais e nais. Ó igual que calquera outra actividade escolar, unha saída didáctica debe aparecer recollida no Plan Anual de Centro, pero ademais debe contar coa aprobación do Consello Escolar. Unha vez que se conta coa autorización deste órgano e tamén coa dos pais e nais dos nenos e nenas procédese a deseñar en colaboración co alumnado a saída escolar, detidamente, para que non falte ningún detalle e para obter o mellor resultado posible. Tamén sería beneficioso organizala en colaboración con outro profesorado e que participen nela distintos departamentos.

Luís del Carmen (2003) apunta que para que as saídas teñan unha proxección educativa axeitada depende, como acontece co resto das actividades educativas, de:

- A comprensión por parte de alumnos e alumnas dos propósitos da saída e do seu papel nelas.
- A súa participación na preparación, desenvolvemento e traballo posterior á saída.
- A relación das saídas cos contidos e actividades que se traballan na aula.

Polo tanto, é imprescindible unha integración curricular, o que implica uns obxectivos, desenvolvemento, medios e recursos, así coma unha avaliación, en relación coa saída didáctica (Travé, 2004). Tamén é necesario o “diálogo previo” que lle defina ó alumnado os referentes concretos ós que se aproximarán a través da actividade que terá lugar fóra da aula, así coma a delimitación dos instrumentos conceptuais, dos procedementos que posúe o seu alumnado e das expectativas que marcan de cara á saída didáctica (del Carmen, 2003; Ruíz Medina, 2008). Os nenos son o elemento central das nosas saídas escolares, pois cando as proxectamos dentro das nosas actividades educativas é para lograr unha aprendizaxe máis efectiva, como resultado de mesturar coñecemento científico e experiencias vividas. Para que isto sexa posible debemos facer que sexan partícipes de todo o proceso, e así a saída será significativa para o alumnado. Isto serviranos tamén para ver de onde partimos (cales son os coñecementos que os nenos levan da aula) e a onde chegamos (se adquiriron novos coñecementos, se reformularon outros, etc.). Se temos isto en conta, cómpre levar a cabo unha saída didáctica despois de ter contacto durante un tempo co noso alumnado, xa que para que esta funcione é necesario coñecelos, saber os coñecementos que teñen, os seus gustos e as súas reaccións a diferentes estímulos.

Pero ademais, se estamos a preparar unha saída en educación primaria, tamén debemos ter en conta outros aspectos que destaca Ruíz Medina (2008): a comida, o calzado, a vestimenta e os complementos axeitados (gorra, protección solar...), e unhas normas de comportamento, podendo incluso facilitarlle todo isto nunha folla por escrito a cada alumno para que lembre mellor as normas e para que llas fagan coñecer tamén ós seus pais. Probablemente todo isto contribúa a que a saída conclúa cun maior éxito.

Tamén resulta imprescindible que os mestres realicen a saída antes de levar o grupo de estudantes (Wass, 1992). Isto permitiralles prever o tempo que se precisa, as paradas que se deben realizar, as actividades máis apropiadas en cada parada, así como os riscos e inconvenientes que cómpre evitar.

Ruíz Medina (2008) traza as principais accións que se levan a cabo mentres se está a desenvolver a saída: realízanse diversas actividades segundo sexa o tipo de saída, vaise comentando o que vai ocorrendo e axudámoslles ós nenos a expresar as súas opinións e preferencias, reparamos naquilo que vemos, observando formas, tamaños, texturas, sons, podendo debuxar ou fotografar todo isto para recordalo mellor, etc.

Todo isto permitiranos facer distintas actividades unha vez rematada a saída, ben na aula, ben en talleres no mesmo lugar ó que acudimos cos nenos (campo, museo, fábrica...), aínda que autores coma Anderson e Zhang (2003) insistan en que son moito máis importantes as actividades previas á saída que as que se realizan despois da saída. Na nosa opinión, consideramos que é moi importante realizar exercicios de síntese tamén, para que os nenos/as reflexionen detidamente sobre o que viron e viviron, e reparen na importancia da experiencia que ten lugar fóra da aula de principio a fin. É dicir, que o alumnado non interiorice a idea de que a saída foi unha experiencia anecdótica, senón unha vivencia útil para a súa formación, tanto educativa como persoal.

Xa que o importante das saídas tamén é formar persoas, ademais de proporcionarlles coñecementos, podemos aproveitar para incorporar nelas outras dimensións, coma a educación ambiental, a educación para a saúde, etc., e promover unha nova relación dos nosos alumnos coa sociedade, como suxire Medir (2003). Deste xeito contribuíremos a formar cidadáns críticos, respectuosos e coidadosos co medio no que viven, con iniciativa para actuar e comprometidos coa creación dunha sociedade mellor.

4.4. Valoración

O valor educativo e tamén social das saídas escolares está avalado por numerosos estudos (Medir, 2003, Vilarrasa, 2003, Travé, 2003, Anderson e Zhang: 2003, Dillon et

al., 2006 ou Armas, 2012). Como xa indicamos, este tipo de actividades teñen unha longa tradición que puido iniciarse, polo menos, a finais do século XVI.

Os mestres/as que fan das saídas un elemento máis da aprendizaxe, en moitos casos un elemento central, opinan que se lle pode tirar tanto proveito a estas actividades fóra da aula coma ás que se levan a cabo na propia aula, ou incluso máis. En calquera caso, cando preparamos unha saída de forma adecuada, o feito de mesturar a realidade escolar coa realidade extraescolar probablemente resulte moi beneficioso. Se ademais a formulamos como unha experiencia motivadora para o noso alumnado, da que o facemos partícipe dende o comezo, seguramente contribuiremos a mellorar a súa autoestima, autonomía, sociabilidade, actitude cooperativa, etc.

Actualmente, na era dixital, estamos illándonos cada vez máis da experiencia vivida. Cremos que o número de xente que vive practicamente nunha realidade virtual vai en aumento, e a súa sociabilidade redúcese ás redes sociais, ou a súa experiencia de visitar lugares, monumentos, etc., está mediada tecnoloxicamente. Isto pode ter aspectos positivos e negativos, pero sendo conscientes de que convivimos con isto, cremos que é importante que desde a escola apostemos pola experiencia directa e tamén fagamos ó noso alumnado partícipe dela e deixemos que expresen e comuniquen todo aquilo que senten, que observan.

Medir (2003), despois de realizar unha investigación cualitativa acerca das saídas escolares, indica vinte razóns para saír da aula:

1. Ver e observar: ver na realidade o que se estuda na escola dunha forma guiada.
2. Vivir: no sentido socioafectivo, de poñerse no lugar do outro/a.
3. Ver e coñecer: referíndose a coñecer por primeira vez aspectos do medio, pero sen a implicación socioafectiva anterior.
4. Manipular: a importancia de manipular obxectos e elementos do medio fóra da aula.

5. Romper a monotonía: os cambios de ritmo da vida escolar son considerados positivamente.
6. Desenvolver a autonomía persoal: as situacións fóra da aula considéranse ideais para traballar este ámbito de traballo do coñecemento do medio.
7. Situar-se noutro tempo histórico: as saídas dedicadas á historia considéranse tamén situacións privilexiadas para a comprensión do tempo histórico.
8. Desenvolver a imaxinación: momentos de incentivación.
9. Formular preguntas: as saídas son situacións diferentes do habitual, polo que as preguntas xorden con máis facilidade.
10. Desenvolver interese cara a: son os mellores momentos para traballar e desenvolver o interese e o achegamento dos alumnos cara a temas ambientais, patrimoniais.
11. Comportamentos e actitudes: momentos idóneos para traballalos.
12. Comparación: desenvolver a capacidade de comparar entre fenómenos e/ou espazos coñecidos e menos coñecidos.
13. Educar para o ocio: aproveitando os momentos de xogo e diversión presentes en case todo tipo de saídas.
14. Aprendizaxe do propio mestre/a: as actividades fóra dan a posibilidade ó docente de seguir aprendendo, especialmente cando a actividade é conducida por expertos externos.
15. Desenvolver a implicación social: a través da observación e da participación directa é máis fácil desenvolver as capacidades de “implicarse en” (capacidades de educación ambiental).

16. Socializar: as relacións entre o propio alumnado vense modificadas nas situacións no exterior; ou incluso as capacidades de relación con persoas alleas ó mundo escolar.
17. Andar: algunhas saídas serven para recordar o interese de andar pola cidade ou pola aldea ou pola natureza, como unha actividade saudable para o propio corpo e para o medio ambiente.
18. Arraigarse ó propio entorno: desenvolver a capacidade de arraigo á poboación, sexa aldea ou cidade.
19. Coñecer a tradición: especificamente, desenvolver o arraigo coas tradicións propias.
20. Convivir: traballar os comportamentos e as actitudes xerais de convivencia, especialmente nas saídas de máis dun día de duración.

Concordando con Rosa Medir, cremos que todas estas razóns xustifican o valor que teñen as saídas escolares e defenden que se sigan realizando nas diferentes etapas educativas, nas diferentes partes do mundo. Por exemplo, un estudo realizado entre a University of British Columbia e a Science World British Columbia, que presentaron Anderson e Zhang (2003), revela que o 90% do profesorado opina que as saídas escolares son dun enorme valor educativo. E coma esa alta porcentaxe de mestres estadounidenses, moitos outros que seguiron os pasos trazados polos movementos renovadores, por Dewey, por Freinet, etc., vendo nas saídas a ruptura do distanciamento entre a realidade e a aula, entre a teoría e a práctica, pois son unhas das actividades de maior importancia didáctica que se poden levar a cabo na escola (Travé: 2003).

5. Os mestres de primaria e as saídas escolares

Son moitos os docentes que incorporaron nas súas actividades escolares as saídas escolares ou que fan delas un elemento central na aprendizaxe. Pero no período de formación, os mestres contan coa preparación necesaria para poder levalas a cabo con

éxito no seu futuro como docentes? Experimentáno eles mesmos durante os anos de universidade?

Rosa Medir (2003) dá conta da existencia dun dos mellores plans de estudo de maxisterio de España: o Plan Profesional de 1931, no que as saídas formaban parte inherente do desenvolvemento pedagóxico. Alumno deste plan foi Ferran Rahola, que tivo a oportunidade de aprender xeografía viva da man de xeógrafos de recoñecemento, coma Miquel Santaló. Deste xeito puido trasladar ás súas aulas experiencias coma as que el mesmo viviu mentres se estaba formando.

Nos actuais estudos de grao en mestre en Educación Primaria tamén podemos atopar exemplos nos que o profesorado universitario leva a cabo nas súas aulas prácticas deste tipo para que os futuros docentes aprendan facendo. Armas (2003) describe unha saída didáctica que se realizou nos últimos anos na USC co alumnado da materia de *Introdución ás Ciencias Sociais*: consistía en aproveitar para traballar diferentes contidos da materia, pero ademais buscábase a reflexión dos alumnos/as sobre o uso didáctico destas actividades, que tamén lles sería de proveito para o seu futuro como docentes. Tras realizar a saída, o alumnado que participou nela afirmou que estas prácticas escolares proporcionan un coñecemento útil, en contacto directo coa realidade, contextualizado, que actúan como complemento e tamén como contraste do traballo na aula, e que desenvolven capacidades e actitudes dos estudantes. Ademais, algúns manifestan que é necesario preparar, organizar e desenvolver axeitadamente as saídas para tirar delas todo o proveito posible. En canto á reflexión, practicamente todos os alumnos ós que se lle fixo a consulta confirmaron que non se lles realizou ó longo dos seus estudos de mestre máis de 2 ou 3 saídas, o que resulta preocupante, xa que se trata “dunha titulación que debe capacitar os futuros mestres para deseñar e desenvolver diferentes estratexias didácticas, entre elas saídas e investigacións no entorno” (Armas, 2003, 676)

Cabe ter en conta, que, como indican Bonil et al. (2005), a universidade, como institución vinculada ó seu medio, non pode alienarse dos retos que lle presenta a sociedade e ha de mostrar a capacidade de elaborar respostas funcionais e significativas. Este reto no caso da formación de mestres e mestras ten unha dobre

dimensión: cidadá (forma persoas que integran a sociedade) e profesional (forma persoas que adquiren como responsabilidade social unha parte significativa da educación dos nenos e nenas). Polo tanto, aínda que como apunta Armas (2003) na universidade se aprende dunha maneira máis autónoma e menos lúdica, seguen sendo necesarias as saídas didácticas, demostrando que tamén teñen a capacidade de producir coñecemento relevante e de favorecer o desenvolvemento de capacidades intelectuais e de actitudes críticas dos estudantes.

5.1 Aspectos que ten en conta o profesorado de cara ás saídas escolares

Os docentes deben valorar múltiples aspectos á hora de realizar unha saída escolar co seu alumnado non só para evitar o espontaneísmo, senón tamén para aproveitar ó máximo as posibilidades didácticas, como afirma Travé (2003). Seguindo a del Carmen (2003), Ruíz Medina (2008), Anderson e Zhang (2003) e Dillon et al. (2006), o profesorado tamén debe examinar, á hora de realizar unha saída, os materiais dos que pode botar man ou que lles facilitan as entidades que van visitar (se é o caso) para preparala, a colaboración con ditas entidades, pero tamén os aspectos económicos, burocráticos, cronolóxicos e persoais, que ás veces poden resultar un obstáculo.

En canto ós materiais, Anderson e Zhang (2003) consideran de moita importancia os materiais pre-visita, xa que interesa preparar co alumnado a saída e ver: a ónde imos, qué imos facer, porqué imos a alí e qué debemos observar. Deste xeito imos preparando o noso alumnado para que poida dar resposta a moitas preguntas que poden xurdir durante a saída, e así entenden a razón de realizar unha saída a un lugar determinado. Os materiais previos, así como as reunións preparatorias, charlas e explicacións van creando un ambiente pro-saída.

No que se refire á economía, Anderson e Zhang (2003) revisaron diversos estudos internacionais, e en todos eles está presente o problema do custo das saídas escolares e do transporte. Se pensamos en realizar unha saída didáctica a un museo, ó teatro, ou a outros lugares nos que sexa obrigatorio obter un ticket para a entrada ó recinto, debemos contar co seu prezo e ver como afrontamos ese gasto. Ademais, se a saída ó campo (parque natural, etc.) ou a calquera recinto se vai levar a cabo lonxe das inmediacións do centro escolar, necesitarase un autobús no que trasladar o alumnado,

polo que tamén será necesario contabilizar estoutro gasto e ver como se xestionan estas e calquera outras necesidades económicas que poidan xurdir.

O tempo que emprega o profesorado en preparar unha actividade deste tipo e o conflito que poida haber no que se refire ó horario escolar en relación coas saídas son tamén variables importantes a ter en conta á hora de saír fóra da aula. Estas son prácticas que precisan de moitas horas de traballo: preparar materiais ou revisar outros que poidan proporcionar as entidades colaboradoras, deseñar clases preparatorias e clases posteriores, realizar a visita antes para observar todo o que se pode aproveitar e os obstáculos que se poidan presentar, dialogar coas familias do alumnado e cos responsables escolares, deseñar a visita tendo en conta todos os detalles, ou establecer unha comunicación entre o colexio e as entidades a onde se realiza a saída, xa que comparten responsabilidade para que se cubran diversas necesidades, como apuntan Anderson e Zhang (2003).

A isto debemos engadir a preocupación do profesorado a miúdo pola seguridade dos alumnos e alumnas, os problemas de discapacidade que poidan ter algúns nenos, que tamén hai que ter en conta pola posible existencia de barreiras arquitectónicas que debemos evitar, ou mesmo pola propia inseguridade que poden sentir os docentes á hora de levar a cabo unha saída e de ensinar fóra da aula.

Con todo, o desafío é buscar as estratexias que poidan axudarlle ós docentes a facer as experiencias das saídas máis eficaces e levalas a cabo máis a miúdo cunha maior facilidade e cun maior éxito, tanto para eles coma para o alumnado.

6. As concepcións e as prácticas do profesorado informante

O cuestionario que empregamos para realizar o traballo de campo é un cuestionario aberto composto por once preguntas que pretendemos obter toda a información posible sobre a traxectoria profesional das mestras que o responderon e a súa relación coas saídas escolares. Empregamos unha linguaxe clara, sinxela e directa, e preguntas que se interrelacionan entre si para obter unha análise máis profunda sobre este tipo de prácticas escolares.

O noso propósito era indagar sobre o uso que se fai das saídas escolares nos centros educativos a partir do testemuño de seis mestras dunha área próxima ó concello coruñés de Carballo, nunha ampla área xeográfica situada na provincia da Coruña. Principalmente interesábanos coñecer o número medio de saídas que realizan, como é o proceso de preparación (antes, durante e despois), que tipo de materiais empregan para elaboralas, cales son os destinos que adoitan frecuentar, que vantaxes lles atopan, cales son os principais obstáculos cos que se encontran e cal é o seu nivel de satisfacción³.

Unha vez elaborados os cuestionarios, dispuxémonos a aplicalos seguindo dous procedementos: por entrevista persoal e autoadministrándoos as informantes despois de enviarllos por correo persoal. No primeiro caso contestáronnos ás preguntas dúas mestras, as de máis idade, xa que lles era máis cómodo contestar ás preguntas a modo de entrevista. No segundo caso, as catro restantes, cunha idade comprendida entre os 31 e os 41 anos de idade, preferiron o segundo procedemento para poder reflexionar detidamente e entregar o cuestionario coas respostas o máis completas posibles. En calquera caso, despois de explicarlles o tipo de estudo que estabamos a realizar, informámoslles⁴ que o cuestionario era anónimo e que a información que nel presentaran sería confidencial, coñecida unicamente na súa totalidade polos investigadores.

As persoas que responderon os cuestionarios son na súa totalidade mulleres, cunha idade comprendida entre os 31 e os 58 anos. Todas elas desenvolven a súa actividade profesional en colexios públicos da área noroccidental da provincia da Coruña e contan cunha experiencia profesional de trinta e trinta e dous anos, no caso das máis veteranas, e de cinco, sete, oito e dez anos no caso das máis novas.

³Véxase cuestionario completo no Anexo.

⁴Aínda que lle fixemos esta advertencia, ó falar en persoa coas mestras que nos responden ós cuestionarios, na primeira páxina do cuestionario en papel recolleemos isto mesmo por escrito para que quedase constancia disto en todo momento. (Véxase Anexo)

6.1 Análise dos cuestionarios

Como fomos vendo ó longo destas páxinas, son moitos os estudos que avalan a integración das saídas escolares no proceso de ensino-aprendizaxe. É unha práctica con moita tradición, e a través dos cuestionarios que elaboramos interesábanos saber a súa situación hoxe en día nun ámbito educativo moi próximo a nós a través do testemuño das seis mestras que os contestaron.

Presentamos a continuación a análise que realizamos das súas respostas atendendo á frecuencia e destinos das saídas didácticas, actividades desenvoltas, vantaxes educativas, satisfacción do profesorado e dificultades que poden atopar.

6.1.1. Frecuencia e destinos

En primeiro lugar, en canto á frecuencia, na maioría dos casos (M3, M4 e M6) as mestras entrevistadas realizan unha media de tres saídas escolares por curso académico, ou o que é o mesmo, unha por trimestre. Nos tres casos restantes, atopamos respostas diferentes:

O número máximo non é fixo, xa que depende do organigrama do centro, a disposición da directiva, a oferta de actividades que teñan as entidades culturais, a disposición do alumnado, etc. Ó depender de tantos factores non podo dar unha cifra xeral. Como mínimo unha ao ano. (M1)

Habitualmente realízanse entre dúas e tres saídas por trimestre, aínda que ás veces xorde algunha outra a maiores. (M5)

En canto ós destinos, as seis mestras responderon lugares diversos nos que realizar diferentes actividades para traballar contidos curriculares fóra da aula. Deste xeito, as saídas poden ser:

- No contorno do colexio
- No contorno próximo (visitas a fábricas, actividades deportivas –vela-...)
- A cidades próximas como Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra, etc, que parecen ser os destinos máis frecuentes, aproveitando os recursos existentes nestas cidades: Auditorio de Galicia,

Museo do Pobo Galego ou El Correo Gallego, en Santiago; *Forum*, Casa dos Peixes, Casa das Ciencias, Museo de Belas Artes, Granxa de Xanceda, na Coruña; ESAD e Acuario do Grove, en Pontevedra.

Vemos que os destinos son moi variados, pero ás veces tamén atopan ofertas moi interesantes no contorno do colexio, como explica M5:

(...) aproveitar os recursos, sobre todo de tipo natural que nos ofrece o contorno, por exemplo, a última que fixen coa miña clase, foi a saída á Lagoa de Baldaio para explicar que é e como funciona un ecosistema.

Alén destas saídas, que normalmente son en horario escolar, os rapaces dos cursos máis altos, normalmente 5º e 6º de Primaria, tamén realizan excursións de fin de curso ou de etapa, que se caracterizan por unha maior duración (varios días). Para estas elíxense destinos máis afastados, coma grandes cidades (Madrid ou Barcelona) ou espazos que ofrecen actividades programadas con monitores (Marcelle ou Manzaneda). En calquera caso, todas as saídas combinan contidos educativos co ocio e a diversión dos nenos e nenas.

Unha vez que o destino está escollido, o profesorado ten que encargarse de preparar a saída atendendo a diversas variables:

- Currículo: deben estar recollidas nas programacións e planificadas en relación ós contidos da aula. Como indica M2: “é posible que xurda algunha saída no medio do curso, e se é así, procúrase variar a programación na medida do posible e introdúcese un tempo para a actividade”.
- Coñecemento das persoas responsables: hai que comunicarlle a saída á dirección do centro, e especialmente ó responsable das actividades extraescolares, xa que se ocupa da organización administrativa (aviso ás familias, autobuses...). As familias, como indicou M4, tamén deben contar con información detallada: actividades a realizar, medio de transporte, custe, comida, etc.

- Diálogo previo: dásele a coñecer o destino da saída ós alumnos e trabállase con eles na aula, para saber cal é a razón da saída e que obxectivos perseguimos:

Proxecto ós alumnos a onde imos ir ou que imos visitar e ver para poñelos un pouco en situación e reflexionar sobre como aproveitar na saída os coñecementos que estivemos vendo na clase. (M5)

- Material didáctico: se é necesario elabórase material didáctico de cara á saída. M2 e M3 indican que tamén preparan material que o alumnado aproveitará durante a saída:

Material didáctico para avaliar o seguimento da actividade por parte do alumnado: fichas, cuestionarios, etc. (M2))

Preparación dun caderno de saída para a recollida de datos e para momentos de ocio (M3).

- Presuposto: no caso das saídas escolares fóra do contorno escolar, estas poden ter un custe económico derivado do transporte, da entrada a determinadas entidades ou eventos, etc. M2 explica que:

Na medida do posible inténtase que sexan gratuítas para o alumnado, e para iso búscase colaboración da ANPA e do concello. Fíxase a cota que terían que pagar os alumnos, de ser o caso que non puidesen ser gratuítas.

- Curso e profesorado: cando hai unha saída prevista, en ocasións o mestre ou mestra ten que reflexionar e ver que curso ou cursos aproveitarían mellor a saída. Unha vez que ten os grupos seleccionados, ten que ter en conta cantos alumnos son, porque diso tamén depende o número de profesores que o teñen que acompañar, como nos indicou M1.

6.1.2 Actividades desenvolvidas

Ó ter a saída organizada, en relación coas variables que acabamos de tratar, o profesorado programará unha serie de actividades para que os alumnos as realicen en relación coa saída antes, durante e despois.

Actividades de preparación

Todas as mestras coinciden na importancia da elaboración das actividades previas á saída, consideran que son de “moita importancia para tirarlle o máximo rendimento” (M3). Xa que como comentamos anteriormente as saídas están integradas na programación, tamén a súa preparación se integra no desenvolvemento da materia. M1 manifesta que orienta actividades de cara á saída polo menos unha semana antes, pero apunta que non insiste moito nela porque “o compoñente sorpresa é fundamental para o alumnado”.

M3 destaca unha serie de actividades que realiza para preparar a saída:

- Localización do espazo nun mapa.
- Presentación e análise dos elementos nos que nos imos fixar e dos datos que temos que tirar.
- Na primeira saída co alumnado: manexo básico dunha cámara de fotos (encadre, rexistro de imaxes nunha ficha)
- Análise do caderno da saída. O caderno contén follas que deben cubrir, unha parte responde ao ocio e outra á pescuda ou resolución do traballo académico.

Durante estas actividades previas tamén pode ter lugar na aula a negociación das normas a cumprir durante a saída:

Outra parte importante da preparación é chegar a un acordo sobre o comportamento e normas. Desde o meu punto de vista, as saídas escolares deben ser vistas polo alumnado como premios, como oportunidades especiais de aprendizaxe, e polo tanto requiren dun comportamento e actitude favorables, tanto para acudir ás mesmas como durante a súa realización. (M1).

Actividades durante o desenvolvemento da saída

Durante a saída as actividades que realiza o alumnado poden ser moi diversas. No caso de saídas programadas exclusivamente en relación cunha materia, como é o caso de música, tal e como nos contou M1:

[Os nenos e nenas] normalmente realizan actividades que teñen que ver coa interpretación instrumental, o canto, a danza e o movemento, ou coñecementos sobre historia da música, confección de instrumentos, estilos musicais, etc., incluíndo tamén actividades que comparten ámbitos, como o teatro, a mímica, a relaxación corporal, etc.

Hai outras saídas nas que o alumnado pode ter un papel máis ben pasivo, converténdose en espectadores, como indica M2, pero polo xeral teñen un papel activo, como por exemplo cando o destino da saída é unha granxa escola ou unha fábrica:

Tamén hai saídas nas que eles realizan o traballo, como as saídas ás granxas escola, nas que dan de comer aos animais e colaboran nas actividades do campo, ou as que se realizan a panadarías, fábricas de queixo, etc, nas que participan directamente na elaboración do produto (M2).

Ademais disto, poden ter que realizar outras actividades, tales como as que apunta M3: “tirar fotos en equipos, anotar datos, recoller mostras (folletos, plantas secas...), facer algún debuxo. Todo isto queda rexistrado no caderno da saída.

Con todo, débense ter en conta tamén outras actividades que se teñen que levar a cabo practicamente en calquera saída, e que son de enorme importancia, aínda que moitas veces se esquezan de mencionalas por non seren contidos educativos. Como apuntan M1 e M6, son aquelas actividades que teñen que ver co desenvolvemento persoal: cumprir normas ou horarios, xestionar o tempo, respectar o medio que visitan, relacionarse entre si, etc.:

Todas estas cousas que semellan desprovistas de importancia, en realidade son fundamentais no seu crecemento como individuo e no desenvolvemento da súa capacidade de decisión, xestión do tempo, autonomía e responsabilidade. (M1)

Actividades de síntese

Tal e como fomos vendo, o vínculo entre a aula e o medio é moi importante, e polo tanto, para que o alumnado observe en todo momento unha continuidade entre a materia que se traballa na aula e aquilo que experimentan fóra dela, débense realizar actividades despois da saída igual que se realizan antes e durante.

Todas as mestras realizan actividades de síntese unha vez de volta na aula, aínda que maioritariamente se reduza a coñecer a opinión dos alumnos sobre a saída e á valoración do resultado. Disto pode depender que a repitan ou non no vindeiro curso, como apuntan M1 e M5.

Á parte de actividades de opinión, que poden consistir en coloquios, debates, redaccións, etc., tamén poden elaborar murais, pequenas reportaxes da visita, ou mesmo aproveitar os materias ou as observacións da visita para continuar cos contidos da clase:

E tamén podemos empregar o aprendido durante a saída para continuar coas actividades da clase (representar algún baile aprendido, crear un arranxo musical sobre un tema que lles gustou, etc.) Sempre tratando de que non haxa un corte entre as actividades da aula e as que se levan a cabo fóra, que sexa un todo complementario e continuo. (M1)

6.1.3 Vantaxes educativas

As mestras que nos responderon ós cuestionarios afirman que as vantaxes educativas das saídas son numerosas. Na maioría dos casos M2, M3, M4 e M5 remarcan a posibilidade que lles brindan ó alumnado e ó profesorado de vivir experiencias reais que antes foron contextualizadas na aula, é dicir, posibilitan poñer en práctica o coñecemento adquirido. Vexamos o exemplo que menciona M2:

Evidentemente, non é o mesmo dar unha clase sobre a Idade Media dentro da aula que dala no transcurso dunha visita a un castelo da zona, como no noso caso pode ser o de Vimianzo.

A isto hai que engadirlle que as saídas, como apunta M5, teñen un carácter máis lúdico e ameno que as clases que teñen lugar na aula. Outras das vantaxes que se mencionan nos cuestionarios son as que apunta M3:

Ofrecemos ao alumnado a posibilidade de acceder e asistir a lugares que non van habitualmente. As docentes interactuamos co alumnado dun xeito diferente ao que facemos no ámbito académico. Coñecer ao alumnado noutro contexto: hábitos de consumo, ocio, comunicación...

M1 completa isto dalgún xeito ó afirmar que unha saída escolar serve para acadar infinidade de obxectivos entre os que destaca os seguintes:

Ó sacalos da súa “zona de confort” habitual e expoñelos a novas situacións, isto pode favorecer que se creen novos vínculos, amizades, achegamentos, etc. (...) E igualmente acontece con respecto ó profesorado, que participa da saída con eles fóra do contexto cotiá da aula, o cal mellora claramente as relacións profesorado-alumnado.

Esta mesma ruptura da rutina activa a súa curiosidade, cambia o seu modo de aprendizaxe. (...) Simplemente expoñelos a unha nova situación fóra desa rutina activa o seu cerebro e o seu corpo, xera nova enerxía, nova atención.

É unha aprendizaxe significativa: pode que non recordemos tódalas clases da nosa vida, pero seguro que recordamos as excursións.

6.1.4 Nivel de satisfacción

Dado que as vantaxes que sinalan son numerosas, é de esperar que o nivel de satisfacción do profesorado respecto destas actividades sexa elevado. Todas as mestras están satisfeitas co resultado das saídas escolares, entre outras razóns, “porque lles proporcionan máis enerxía e motivación” (M1), “porque se adoitan cumprir os obxectivos” (M3) ou “porque saímos da rutina” (M5).

O alumnado, segundo a experiencia das docentes, tamén está satisfeito con este tipo de prácticas. Como apunta M1:

Evidentemente hai excursións que saen mellor que outras, pero incluso as experiencias que non son como un espera resultan unha aprendizaxe fascinante, que sería moi difícil de conseguir na aula, e que son fundamentais para mellorar as saídas posteriores.

6.1.5 Obstáculos

As saídas escolares, polo que levamos visto ata agora, teñen unha boa acollida na escola e contan con moito profesorado que as integra nas súas clases. Con todo, poden darse determinadas dificultades que impidan (ou case) que cheguen a celebrarse. Principalmente son os motivos económicos, tanto dos centros coma das familias (M2, M3, M4 e M5), aínda que M3 apunta que tamén pode ser a motivación (do profesorado) ou a transmisión ás familias ou a burocracia. E M1 sinala o feito de atopar profesorado acompañante por dúas razóns:

Pero as reticencias ás saídas baséanse principalmente en dous factores: a responsabilidade e medo de que algo aconteza, e a crenza de que as saídas impiden e entorpecen o desenvolvemento do programa curricular.

A estes inconvenientes temos que sumarlle outro, aínda que cabe advertir que aquí atopamos diferentes opinións. M2 e M3 afirman que supón un problema o feito de

que as saídas non estean programadas, xa que deste xeito, cando se celebran, altéranlle o programa do profesorado. Pola contra, M1 respecto disto opina que:

No caso do programa, a miña postura é clara. Non só non impiden o seu desenvolvemento, senón que axudan e potencian o mesmo!, dun xeito significativo e auténtico, que perdurará na memoria dos rapaces durante toda a súa vida.

Afortunadamente son máis numerosos os aspectos positivos relacionados coas saídas escolares que as dificultades que se poden atopar á hora de realizalas. As mestras que nos responderon os cuestionarios resaltan as vantaxes e os beneficios da realización das saídas pensando principalmente na formación do alumnado, xa que lles ofrecen experiencias multidisciplinares en contextos reais das que se poden obter múltiples aproveitamentos e beneficios.

7. Conclusións

Ó longo destas páxinas expuxemos unha pequena investigación que levamos a cabo sobre as saídas escolares para demostrar que estas prácticas educativas son unha necesidade de onte e de hoxe. Son actividades dunha longa tradición que, aínda que actualmente están amplamente difundidas, tamén están experimentando un alarmante retroceso debido ás dificultades económicas, de aí que atopemos opinións entre o profesorado coma a que compartiu connosco M2:

Realizaría máis se a oferta gratuíta fose máis ampla. Hai que ter en conta que as saídas a concertos inclúen gastos de transporte na maioría dos casos, que hai que ter en conta no presuposto anual ou pedirilles ás familias.

Pero máis alá do retroceso tamén é preocupante o tipo de saídas que se están a realizar, polo que puidemos observar por medio dos cuestionarios. Na nosa opinión parecen ser escasas as saídas escolares que se realizan actualmente fieis a aquelas primeiras que introduciron na escola os movementos de renovación pedagóxica: as clases fóra da aula. Sorprendeunos atopar poucas respostas neste sentido. Cremos que son moi abondosos os posibles destinos ós que dirixirse para realizar unha saída didáctica e, polo tanto, en comparación, parécennos escasas as referencias ó aproveitamento do contorno próximo para materias como Coñecemento do Medio,

principalmente. Por que temos que limitarnos a observar minerais nun libro cando podemos velos en directo, tocalos e experimentar con eles? Por que nos imos conformar con distinguir elementos da paisaxe en fotografías cando podemos facelo gozando das nosas maravillosas paisaxes? E poderíamos seguir con moitos porqués, pero a resposta é unha: hai que saír da aula e aproveitar o noso contorno, xa que para os nenos e nenas é unha aprendizaxe significativa e moito máis valiosa que a que queda dentro das catro paredes da aula. Os rapaces e rapazas poden observar en directo, experimentar..., son partícipes da súa aprendizaxe e, en relación con isto lembramos o dito de Confucio: “dime algo e esquecereino; ensíname algo e recordareino; faime partícipe de algo e aprendereino”.

As saídas que se realizan nos colexios dirixidas ó alumnado de primaria deberían ser saídas participativas ou experimentais maioritariamente, mais pola contra, as máis numerosas son as vivenciais nas que os nenos e nenas “reciben explicacións” (M2), “tiran fotos, anotan datos, recollen mostras, fan algún debuxo...”(M3), “visualizan contidos específicos”(M4) e “observan, fan o que o guía indique, coñecen...”(M6). Que sexan maioritarias este tipo de saídas cremos que pode deberse, por unha banda, á falta de implicación por parte do profesorado. Esta pode deducirse da falta de preparación, que se ve reducida en moitos casos a elaborar cadernos de campo para recoller datos (material máis relacionado con este tipo de saídas) ou a contarlles ós nenos e nenas a onde van ir, ou tamén das queixas polos desaxustes que crean unha saída cando non está deseñada polo profesorado da materia. Por outra banda, a unha concepción errónea das saídas escolares. Existe profesorado que concibe as saídas escolares unicamente como un apoio da aula no que poder observar en directo o que antes se viu no libro; non obstante, por medio das saídas tamén é posible adquirir novos coñecementos, reelaborar contidos, etc.

É necesario dedicarlle moitas horas de traballo ó deseño e preparación dunha saída para obter uns bos resultados, o que implicará traballar contidos previos e traballar con diversos materiais, sendo moi probable que teñamos que elaborar materiais para apoiar a saída se non son suficientes os que temos no centro ou os que nos envían as entidades culturais, se é o caso. Como nos sinalaba M1:

Intento sempre aproveitar os materiais didácticos que nos envían as entidades culturais. Unhas veces son mellores e outras son algo máis escasos, pero complementoos con outros materiais audiovisuais sobre o tema, que atopo ou creo eu.

Os resultados obtidos do noso traballo de campo advirten que existe un problema entre a teoría e a práctica que xira en torno ás saídas escolares. Aínda queda moito camiño por andar para que estas actividades poidan realizarse e conseguir o obxectivo de obter a máxima rendibilidade. Serían necesarias algunhas modificacións no sistema, entre as que sinalamos:

- Maior dedicación e compromiso dos docentes
- Máis actividades que impliquen a participación do alumnado
- Deseño de saídas de tipo experimental e participativas
- Entender as saídas como elemento central da aprendizaxe e non como un simple apoio
- Promover as saídas ó contorno máis próximo para aproveitar os recursos que este nos ofrece
- Concibir as saídas como un recurso máis, xa que permite ampliar coñecementos, profundar en determinados contidos, ó tempo que fomentan actitudes críticas para que os nenos e nenas participen na vida en sociedade
- Antepoñer os beneficios ós obstáculos

Queremos concluír este estudo coa esperanza de que as saídas escolares experimenten xusto o proceso contrario ó que apuntan os estudos e a nosa investigación: que vaian en aumento, xa que significan a apertura da escola á vida. Ademais, en moitos casos estarémoslles dando a oportunidade a moitos rapaces e rapazas de coñecer e de poder observar lugares que de non ser pola escola non terían a posibilidade de chegar a eles, ben porque non repararan neles aínda que lles sexan próximos, ben porque non tiveron a oportunidade de coñecelos por circunstancias persoais. Polo tanto, a través das saídas os nenos e nenas descubren novos espazos, novas experiencias, e van abrindo os ollos ó mundo.

Dewey (1995), defensor das saídas didácticas, da aprendizaxe máis alá da aula, consideraba que a escola non é unha preparación para a vida, senón a vida mesma, e as saídas escolares son unha boa ferramenta para que asumamos esta idea e para que deixemos que o noso alumnado aproveite as vantaxes que lle proporcionan este tipo de prácticas educativas.

8. Referencias bibliográficas

Anderson, D. e Zuochen Zhang (2003): «Teacher Perceptions of Field-Trip Planning and Implementation». *Visitor Studies Today, Vol VI, Issue III*, 6-11.

Armas, X. (2012).«¿Qué se aprende fuera de las aulas? Discurso de los estudiantes de maestro sobre las salidas escolares». *Congreso Internacional Innovación Metodológica y docente en Historia, Geografía y Arte*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 667-677.

Blaxter, L., Hugues, C. e M. Tight (2008): *Cómo se investiga*. Barcelona: Graó.

Bonil, J. *et al.* (2005): «Ambientalització Curricular: Integar la complexitat en la formació inicial de mestres. El cas del creixement humà des de la didàctica de les ciències experimentals. *L'ambientalització curricular en els estudis universitaris : per a una formació cap a la sostenibilitat : reflexions i experiències de la xarxa ACEU*», Departament de Medi Ambient de la Generalitat de Catalunya, Barcelona, 85-96.

del Carmen, L. (2003):«Salir para conocer, salir para participar», *Aula de Innovación Educativa*,125.

Dewey, J. (1995). *Democracia y educación: una introducción a la filosofía de la educación*. Madrid: Morata.

Dillon, J.*et al.* (2006) «The value of outdoor learning: evidence from research in the UK and elsewhere». *School Science Review*, 87, 107-111.

Kisiel (2005): «Understanding elementary teacher motivations for science fieldtrips». *Science Education*, 89 (6), 936-955.

- Medir, R. M. (2003): «Salir de la escuela: entre la tradición y la educación ambiental para la sostenibilidad». *Íber. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*, 36, 26-35.
- Molina, S. (2010): «El Museo La Casa Encantada de Briones en la enseñanza de la historia: propuesta para una salida escolar para educación primaria». *Contextos Educativos*, 13, 71-82.
- Molina, S. (2011): «Las salidas escolares para la enseñanza de la historia en educación primaria. Análisis de su uso en la Rioja». *Íber. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*, 67, 79-86.
- Ruíz Medina, V. (2008): «¿Cómo planificar una salida?». *Revista Digital Ciencia y Didáctica*, 3, 123-128.
- Tejada, L.(2009):«Las salidas escolares, un recurso para el aprendizaje en educación infantil». *Innovación y experiencias educativas*, 14, 1-11.
- Travé, G. (2003): «Más allá de las paredes del aula: salidas de investigación escolar». *Kikiriki. Cooperación educativa*, 71-72, 43-46.
- Vilarrasa, A. (2003): «Salir del aula. Reapropiarse del contexto». *Íber. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*, 36, 13-25.
- Wass (1992): *Salidas escolares y trabajo de campo en la educación primaria*. Madrid: Morata.

Anexos

1. Modelo de cuestionario



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Traballo Fin de Grao

Este Traballo Fin de Grao realízase co obxectivo de elaborar un breve estudo sobre as saídas escolares, reparando na súa utilidade educativa e nas múltiples formas de levalas a cabo.

Agradecemoslle de antemán a súa participación ó realizar este cuestionario. A información que aparecerá neste será en todo momento anónima. Os datos persoais que aparecen nesta mesma páxina só serán coñecidos polos investigadores e en ningún momento serán difundidos publicamente.

Idade:

Anos de experiencia como docente:

Centro en que traballa:

Localización do centro:

Traballo Fin de Grao
Cuestionario para mestres/as sobre saídas escolares

1. Pode contarnos brevemente a súa traxectoria profesional (anos de traballo, destinos anteriores, proxectos e innovacións educativas)?

2. Realiza saídas escolares co seu alumnado? Cantas saídas escolares se realizan no seu centro durante un curso aproximadamente? Cantas realiza vostede normalmente nun curso?

3. Cales son os destinos das saídas escolares do seu centro habitualmente? Indique os lugares ou institucións que visitou co seu alumnado nos últimos anos.

4. Cales son as vantaxes pedagóxicas que ofrecen as saídas escolares? Para que serven, na súa opinión, as saídas e porque paga a pena facelas?

5. Pode describirnos o proceso normal de preparación e desenvolvemento dunha saída que realiza co alumnado?

6. Realiza vostede algunhas actividades de preparación da saída co alumnado na aula? Cal é a súa importancia? En que consisten?

7. Cales son as actividades que realizan os/as estudantes durante o desenvolvemento da saída? Pode citar as actividades que fan habitualmente os/as estudantes durante as saídas?

8. Realiza algunhas actividades de síntese ou de peche una vez rematada a saída? Cando? En que consisten?

9. Utiliza algúns materiais para apoiar a saída? Que tipos de materiais? Son feitos por vostede, reelaborados a partir doutros ou feitos polas institucións visitadas?

10. Cal é o seu nivel de satisfacción coas saídas escolares? E a do alumnado?

11. Cales son os principais obstáculos e dificultades cos que se atopa nas saídas escolares?

Graciñas pola colaboración!

2. Cuestionarios cubertos

2.1 Cuestionario M1



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Traballo Fin de Grao

Este Traballo Fin de Grao realízase co obxectivo de elaborar un breve estudo sobre as saídas escolares, reparando na súa utilidade educativa e nas múltiples formas de levalas a cabo.

Agradecemoslle de antemán a súa participación ó realizar este cuestionario. A información que aparecerá neste será en todo momento anónima. Os datos persoais que aparecen nesta mesma páxina só serán coñecidos polos investigadores e en ningún momento serán difundidos publicamente.

M1

Idade: 33

Anos de experiencia como docente: 7 anos

Centro en que traballa: Substituta de zona Santiago (último centro: CEIP San Marcos, Abegondo)

Localización do centro: Zona Santiago

Traballo Fin de Grao

Cuestionario para mestres/as sobre saídas escolares

1. Pode contarnos brevemente a súa traxectoria profesional (anos de traballo, destinos anteriores, proxectos e innovacións educativas)?

Levo traballando 7 anos no ensino público. Centros de traballo anteriores: CPI Cabo da Area (Laxe), CEIP Bibeí (Viana do Bolo), CPI Laureano Prieto (A Gudiña), CEIP Monseivane (Vilalba), CEIP Pío XII (Santiago de Compostela), CEIP Lamas de Abade (Santiago de Compostela), CEIP das Fontiñas (Santiago de Compostela), CEIP Xuño (Porto do Son), CEIP San Marcos (Abegondo)

Habitualmente levamos a cabo diversos festivais nos que o alumnado (e moitas veces tamén o profesorado en colaboración) representan no escenario diversas actividades relacionadas coa música e os seus ámbitos: danza, expresión corporal, interpretación instrumental e vocal, presentación das diferentes actuacións, organización do mobiliario e elementos do escenario, tratamento do son, teatro musical, mímica, karaokes, etc. Normalmente organízanse nos cambios de trimestre e en fin de curso, ou tamén para incidir nun evento do calendario (Día da Paz, Día Internacional contra a violencia de xénero, etc.) e resultan unha experiencia moi gratificante para todos.

Ademais, sempre que podo, intento traballar por proxectos co alumnado, e iso ten como resultado diversos materiais creados a longo prazo.

En Viana do Bolo, por circunstancias persoais, colaborei co profesorado de música do IES e participei nun *lipdub* de centro (“Camiñante Lipdub”, en youtube) no que colaborou todo o alumnado, profesorado e persoal de centro. Ese mesmo ano, o alumnado da materia de Música de 1º BACH, co que tamén colaborei, creou un proxecto audiovisual (“Grease vs. Thriller” en youtube) a partir do famoso musical e o videoclip de Michael Jackson, que eles mesmos re-versionaron, creando o vestiario,

maquillaxe, imitando os movementos, realizando a interpretación mímica e corporal, etc. Alegreime moito de ter participado con eles, pois ambas producións audiovisuais foron un éxito e resultaron premiadas pola Consellería de Educación, dentro do plan de actividades do IES Carlos Casares, como proxectos innovadores.

2. Realiza saídas escolares co seu alumnado? Cantas saídas escolares se realizan no seu centro durante un curso aproximadamente? Cantas realiza vostede normalmente nun curso?

Si, sempre realizo saídas, como mínimo unha ó ano. O número máximo non é fixo, xa que depende do organigrama do centro, a disposición da directiva, a oferta de actividades que teñan as entidades culturais, a disposición do alumnado, etc. Ó depender de tantos factores non podo dar unha cifra xeral, tampouco do centro (varía moito dun centro a outro) pero si que intento saír o máximo posible da aula, tanto eu soa ca alumnado de Música, como en colaboración con outro profesorado, xa que creo que é moi beneficioso para a aprendizaxe do alumnado, e non interrompe para nada o desenvolvemento do mesmo. Todo o contrario, favoréceo e potenciao.

3. Cales son os destinos das saídas escolares do seu centro habitualmente? Indique os lugares ou institucións que visitou co seu alumnado nos últimos anos.

Son moi diversas, xeralmente as saídas diríxense a realizar actividades concretas en entidades culturais (auditorios, museos, acuarios, etc.), ou lugares (cidade, vila, parque, etc.), e destinadas a aproveitar un evento concreto, como concertos, exposicións tradicionais ou interactivas, conferencias, visitas guiadas a cidades, etc.

No meu caso, dado que a materia é a de Música, sempre procuramos acudir a algún concerto en directo. A temática varía, e pode tratarse dun concerto de música clásica occidental, popular urbana (historia do Rock, concertos pop, etc.), tradicional (cubana, galega, africana, etc.) Os lugares dependen das programacións anuais que se ofertan ós centros, pero habitualmente acudimos ós concertos didácticos do Auditorio de Galicia, e tamén temos ido a concertos didácticos celebrados no *Forum* Metropolitano da

Coruña, entre outros sitios.

Outra temática importante na materia é a danza e o movemento. Como exemplo, co alumnado de Viana do Bolo acudimos, fai uns anos, á ESAD de Galicia (Escola Superior de Arte Dramática). Foi unha visita que resultou moi interesante, xa que se trataba dunha visita interactiva, con obradoiros de diferentes temáticas como a expresión corporal, risoterapia, teatro, técnicas de relaxación, interpretación, etc. Os mestres e alumnado da ESAD interaccionaron co alumnado de Viana , e estes tiveron ocasión de coñecer o centro e unha saída profesional fóra do común. Foi moi enriquecedor.

Noutro centro, co alumnado do CPI Cabo da Area (Laxe), acudimos a un concerto didáctico de música cubana, no *Forum* da Coruña. Alí puidemos escoitar ritmos e melodías tradicionais cubanas, pero ademais aprendemos pasos básicos dos bailes cubanos.

4. Cales son as vantaxes pedagóxicas que ofrecen as saídas escolares? Para que serven, na súa opinión, as saídas e por que paga a pena facelas?

Sempre que as saídas estean ben preparadas, son todo vantaxes. A escola debería estar unida á sociedade en xeral, á vida diaria fóra do centro, non illada como estás ás veces.

Pedagoxicamente, unha saída escolar serve para infinidade de obxectivos:

-Social e afectivamente: ás veces no centro escolar establécense certos “carteis” ou grupos cerrados entre os rapaces. Ó sacalos da súa “zona de confort” habitual e expoñelos a novas situacións, isto pode favorecer que se creen novos vínculos, amizades, achegamentos, etc. Social e afectivamente supón unha aventura para eles, unha ruptura da rutina que os emociona e activa. E igualmente acontece con respecto ó profesorado, que participa da saída con eles fóra do contexto cotiá da aula, o cal mellora claramente as relacións profesorado-alumnado.

-Esta mesma ruptura da rutina activa a súa curiosidade, cambia o seu modo de aprendizaxe. O feitos de verse obrigados a estar nun edificio cerrado, sentados na cadeira tantas horas ó día, crea o risco de que os rapaces tamén se volvan cómodos e

algo preguiceiros no seu modo de aprendizaxe e motivación. Eles tamén se teñen que adaptar a esa esixencia, que xera moito aburrimiento e parón corporal. Simplemente expoñelos a unha nova situación fóra desa rutina activa o seu cerebro e o seu corpo, xera nova enerxía, nova atención.

-É unha aprendizaxe significativa: seguro que lembramos algunha das excursións que realizamos, porque se quedan aí, na memoria, a lume. E todo o aprendido nelas tamén, que non ten por que ser necesariamente o que o profesor/a tiña en mente, senón moito máis: as amizades feitas, os lugares polos que pasaches no bus, unha anécdota que aconteceu durante o concerto, etc. E apréndense cousas que realmente son útiles para a propia vida: responsabilidade (xa que tódolos rapaces son conscientes de que hai unhas normas importantes durante as saídas), atención activa, creatividade (novas situacións, novas respostas ideadas no momento), aprendizaxe por descubrimento, etc.

Podería seguir e seguir, pero en resumo creo verdadeiramente que son moi beneficiosas.

5. Pode describirnos o proceso normal de preparación e desenvolvemento dunha saída que realiza co alumnado?

Depende moito do tempo que se dispoña desde que se confirma a saída. No caso das programacións didácticas de concellos e entidades culturais, estas adoitan coñecerse desde principio de curso, pero noutros casos non é así, e pódese dispoñer de moito menos tempo, o que pode dificultar a súa realización (pode coincidir con exames xa programados, outras saídas, etc.)

Habitualmente, cando atopo unha actividade ou saída interesante para realizar co alumnado, primeiro teño que considerar que curso ou cursos a aproveitarán mellor, despois o número de rapaces que podo levar (xa que dependendo diso precísase un número determinado de profesorado para acompañalos), e se necesitamos transporte escolar ou non. Unha vez que teño os datos claro, consúltoos coa directiva, en concreto co subdirector, que adoita ser o encargado das saídas. Se a resposta é afirmativa, valórase se vai ter algún custo para o alumnado (en canto a transporte escolar) ou pode

ser integrada no presuposto do centro, e por último inclúese no calendario de saídas do curso.

6. Realiza vostede algunhas actividades de preparación da saída co alumnado na aula? Cal é a súa importancia? En que consisten?

Habitualmente integro a preparación das saídas no desenvolvemento da materia, e trato de orientar as actividades cara á preparación da mesma polo menos unha semana antes da saída. Tampouco son partidaria de insistir moito nela explicando tódolos detalles, creo que o compoñente sorpresa é fundamental para o alumnado, pero si que traballo os contidos previamente. Deste xeito o alumnado pode sacar moito máis proveito da actividade e recorrido que vaiamos realizar.

Por exemplo, no caso dunha saída que fixemos para asistir a un concerto de música do Senegal, pasamos catro sesións realizando actividades de percusión corporal, danza e canto relacionados coa cultura senegalesa. Isto facilitou a participación do alumnado durante o concerto didáctico, que permitía a colaboración do público xunto cos músicos e bailaríns.

Outra parte importante da preparación é chegar a un acordo sobre o comportamento e normas. Desde o meu punto de vista, as saídas escolares deben ser vistas polo alumnado como premios, como oportunidades especiais de aprendizaxe, e polo tanto requiren dun comportamento e actitude favorables, tanto para acudir ás mesmas como durante a súa realización.

7. Cales son as actividades que realizan os/as estudantes durante o desenvolvemento da saída? Pode citar as actividades que fan habitualmente os/as estudantes durante as saídas?

No meu caso, tratándose de Música, normalmente realizan actividades que teñen que ver coa interpretación instrumental, o canto, a danza e o movemento, ou coñecementos sobre historia da música, confección de instrumentos, estilos musicais, etc., incluíndo tamén actividades que comparten ámbitos, como o teatro, a mímica, a relaxación corporal, etc.

Isto en canto á actividade obxecto da saída, pero case sempre temos que pasar fóra do centro máis tempo do empregado unicamente para o concerto ou actividade que sexa, o que implica moitas outras actividades, que na miña opinión son igual ou incluso máis importantes. Ás veces incluso temos que pasar o día fóra, ou durmir en algún lugar e volver ó día seguinte. Polo tanto o alumnado realiza actividades relacionadas coa xestión do tempo “real” por dicilo así, do seu día a día: mercar ou levar o xantar, ir a unha cafetería, pasear por un sitio e volver á hora acordada, cumprir as normas pactadas, organizarse para decidir diferentes asuntos que van xurdindo, etc. Todas estas cousas que semellan desprovistas de importancia, en realidade son fundamentais no seu crecemento como individuo e no desenvolvemento da súa capacidade de decisión, xestión do tempo, autonomía e responsabilidade.

8. Realiza algunhas actividades de síntese ou de peche una vez rematada a saída? Cando? En que consisten?

Si, sempre. A seguinte sesión posterior á saída dedicamos un tempo a falar sobre a mesma, preguntolles a súa opinión, satisfacción, etc., o que tamén serve para valorar se repétila outro curso, ou se non foi tan útil como pensaba. É fundamental contar coa súa valoración das saídas, como avaliación básica destas.

Dependendo da actividade pódolles pedir algún traballo escrito: redacción, traballo para entregar, etc., no que tamén inclúen a súa opinión persoal, e que pode servir para avaliar a súa atención durante a actividade.

E tamén podemos empregar o aprendido durante a saída para continuar coas actividades da clase (representar algún baile aprendido, crear un arranxo musical sobre un tema que lles gustou, etc.) Sempre tratando de que non haxa un corte entre as actividades da aula e as que se levan a cabo fóra, que sexa un todo complementario e continuo.

9. Utiliza algúns materiais para apoiar a saída? Que tipos de materiais? Son feitos por vostede, reelaborados a partir doutros ou feitos polas institucións visitadas?

Intento sempre aproveitar os materiais didácticos que nos envían as entidades

culturais. Unhas veces son mellores e outras son algo máis escasos, pero complementoos con outros materiais audiovisuais sobre o tema, que atopo ou creo eu.

Por exemplo, no caso da saída xa mencionada para ver o concerto senegalés, os materiais enviados polo Auditorio eran interesantes para realizar exercicios de canto e expresión corporal, pero tamén incluín outro vídeos sobre a cultura senegalesa, bailes e danzas, que empreguei na aula.

10. Cal é o seu nivel de satisfacción coas saídas escolares? E a do alumnado?

En xeral o meu nivel de satisfacción é moi bo. Sinto que o alumnado e o profesorado volvemos das saídas con máis enerxía e motivación, con outra visión nova dos temas tratados e cunha relación máis afianzada (xa que a relación afectiva e a confianza é fundamental para un ensino efectivo, especialmente cos rapaces). E polo que me teñen contado eles mesmos, os rapaces e rapazas volven xeralmente moi satisfeitos das saídas. Evidentemente hai excursións que saen mellor que outras, pero incluso as experiencias que non son como un espera resultan unha aprendizaxe fascinante, que sería moi difícil de conseguir na aula, e que son fundamentais para mellorar as saídas posteriores.

11. Cales son os principais obstáculos e dificultades cos que se atopa nas saídas escolares?

O principal, habitualmente, é atopar profesorado acompañante. E moitas veces, se non o atopas, é imposible sacar o alumnado do centro. Todo isto depende do centro e da dispoñibilidade do profesorado, que varía moito. Pero as reticencias ás saídas baséanse principalmente en dous factores: a responsabilidade e medo de que algo aconteza, e a crenza de que as saídas impiden e entorpecen o desenvolvemento do programa curricular.

No primeiro caso, a miña idea é que, para pasarlle algo a un rapaz, pode pasarlle en calquera sitio, tamén na aula. E igualmente que un non pode vivir con medo, tampouco pode saír cos rapaces pensando que lles acontecerá algo malo. Na miña experiencia, o alumando adoita comportarse incluso mellor durante as saídas, e nunca tiven ningún

problema nese sentido. Se eles teñen claras as normas, e tendo o profesorado un coidado e atención mínimas durante as saída, non ten por que acontecer nada.

No caso do programa, a miña postura é clara. Non só non impiden o seu desenvolvemento, senón que axudan e potencian o mesmo!, dun xeito significativo e auténtico, que perdurará na memoria dos rapaces durante toda a súa vida.

Tamén hai que contar coa boa dispoñibilidade da directiva e o claustro. Despois de recorrer tantos centros comprobei que esta disposición varía moito, e un pode ver que hai centros con moitas excursións programadas (normalmente os mesmos que levan a cabo proxectos innovadores e creativos, e que son premiados e coñecidos polos mesmos) e outro que non.

En definitiva, se a disposición do profesorado é minimamente boa, non tería que haber ningún problema para realizar unha saída.

Graciñas pola colaboración!

2.2 Cuestionario M2



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Traballo Fin de Grao

Este Traballo Fin de Grao realízase co obxectivo de elaborar un breve estudo sobre as saídas escolares, reparando na súa utilidade educativa e nas múltiples formas de levalas a cabo.

Agradecemoslle de antemán a súa participación ó realizar este cuestionario. A información que aparecerá neste será en todo momento anónima. Os datos persoais que aparecen nesta mesma páxina só serán coñecidos polos investigadores e en ningún momento serán difundidos publicamente.

M2

Idade: 35 Anos de experiencia como docente:10

Centro en que traballa: C.E.I.P. Praia de Quenxe

Localización do centro: Corcubión.

Traballo Fin de Grao**Cuestionario para mestres/as sobre saídas escolares****1. Pode contarnos brevemente a súa traxectoria profesional (anos de traballo, destinos anteriores, proxectos e innovacións educativas)?**

Anos de traballo: 10.

Neles percorrín un total de 32 centros educativos distintos como interina. Obtiven praza na oposición de 2011 na especialidade de Educación Primaria, ano no que traballei como interina no C.E.I.P. O Areal, en Camariñas.

O meu primeiro destino provisional foi en Lousame, no C.P.I. Cernadas de Castro, pola especialidade de Audición e Linguaxe, sobre a que non tiña coñecementos nin experiencia. O segundo ano repetín especialidade no C.E.I.P. Felipe de Castro, en Noia, traballando con alumnado escolarizado en aula específica, con necesidades educativas especiais.

A continuación obtiven o meu primeiro destino definitivo como mestra de música no C.E.I.P. Praia de Quenxe, en Corcubión.

Realicei Proxectos de Formación Permanente do profesorado referentes á concepción constructivista do proceso de ensino – aprendizaxe en canto á ensinanza da lectura e estiven en grupos de traballo nos que me formei sobre o traballo por proxectos na aula.

2. Realiza saídas escolares co seu alumnado? Cantas saídas escolares se realizan no seu centro durante un curso aproximadamente? Cantas realiza vostede normalmente nun curso?

Como mestra de música, realizo saídas escolares se hai oferta de concertos didácticos que nos podamos permitir economicamente.

Durante un curso, un grupo de alumnado pode realizar entre cinco e dez saídas escolares, tendo en conta as que se realizan dentro do concello.

Nun curso, eu como mestra de música podoo organizar unha ou dúas. Realizaría máis se a oferta gratuita fose máis ampla. Hai que ter en conta que as saídas a concertos inclúen gastos de transporte na maioría dos casos, que hai que ter en conta no presuposto anual ou pedirilles ás familias.

3. Cales son os destinos das saídas escolares do seu centro habitualmente? Indique os lugares ou institucións que visitou co seu alumnado nos últimos anos.

No noso centro as saídas este ano foron:

- No 1º trimestre todo o alumnado de Educación Primaria saiu a Santiago de Compostela a ver unha obra teatral con música, dentro da área de Educación Musical.
- O alumnado de infantil, na mesma data, ofreceu unhas panxoliñas aos pais e nais e saíron a ver o Belen que estaba montado na Igrexa de Corcubión, por invitación do párroco.
- Todo o alumnado saiu a Finisterre a plantar árbores.
- Os alumnos de cuarto curso saíron unha vez por semana durante un mes e medio a aprender vela dentro da área de Educación Física.
- O alumnado de quinto e sexto foi a Cantabria como viaxe de final de etapa.
- O alumnado de Educación Infantil visitou en A Coruña as instalacións de bombeiros e o planetario.
- Todo o alumnado de Educación Primaria visitou como viaxe de final de curso as instalacións do Correo Galego en Santiago de Compostela e as do Museo do Pobo Galego, e visitaron o casco antigo da cidade.

Destas excursións, eu fun á igrexa de Corcubión, a Finisterre, e a Santiago de Compostela cos de Educación Primaria, na saída ao Correo Galego e ao Museo do

Pobo Galego.

Outras visitas que fixera anteriormente foron:

- A unha granxa escola.
- Ao Castelo de Vimianzo.

4. Cales son as vantaxes pedagóxicas que ofrecen as saídas escolares? Para que serven, na súa opinión, as saídas e por que paga a pena facelas?

As saídas ofrecen ao alumnado experiencias reais e contextualizadas na aula. No caso da área de música, resulta moito mellor que vexan un concerto en directo, onde poden experimentar por si mesmos a audición, a disposición dos instrumentos, o seu timbre, textura, forma e sonido, etc. Dista moito a experiencia de velos en directo da de poder explicarllelo na clase e que o vexan nun video.

Paga a pena facelas porque ofrecen a alumnado e profesorado un contexto real de aprendizaxe. Evidentemente, non é o mesmo dar unha clase sobre a Idade Media dentro da aula que dala no transcurso dunha visita a un castelo da zona, como no noso caso pode ser o de Vimianzo.

5. Pode describirnos o proceso normal de preparación e desenvolvemento dunha saída que realiza co alumnado?

As saídas prográmanse, na medida do posible, desde principio de curso, contextualizadas dentro das unidades didácticas programadas, e avisando previamente ao coordinador de actividades complementarias e extraescolares do centro.

Realízase un presuposto do que poden costar (na medida do posible inténtase que sexan gratuitas para o alumnado, e para iso, búscase colaboración da ANPA e do Concello). Fíxase a cota que terían que pagar os alumnos, de ser o caso que non puidesen ser gratuitas.

Elabórase, se fose preciso, material didáctico para avaliar o seguimento da actividade por parte do alumnado. (fichas, cuestionarios, etc)

Nalgúns casos, aparecen ofertas de saídas aproveitables no medio do curso, cando xa está elaborada a programación. Neste caso, varíase a programación na medida do posible e introdúcese unha temporalización para a actividade.

6. Realiza vostede algunhas actividades de preparación da saída co alumnado na aula? Cal é a súa importancia? En que consisten?

Cando programo saídas, normalmente forman parte da programación e as unidades didácticas establecen unhas actividades de preparación e coñecementos previos. A saída forma normalmente parte das actividades de desenvolvemento, e posteriormente pode haber actividades de reforzo e ampliación.

Por exemplo, cando este ano sairon á obra de teatro “As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas” ao teatro principal, a actividade foi englobada dentro dunha unidade didáctica sobre a música no teatro. Falouse dos instrumentos que interviñan, dos seus timbres, de qué era un director musical, quen compoñía... Posteriormente, o alumnado elaborou fichas sobre a súa experiencia.

7. Cales son as actividades que realizan os/as estudantes durante o desenvolvemento da saída? Pode citar as actividades que fan habitualmente os/as estudantes durante as saídas?

Durante as saídas normalmente reciben explicacións directas sobre o que visitan ou van ver. Convírtense en espectadores. Tamén hai saídas nas que eles realizan o traballo, como as saídas ás granxas escola, nas que dan de comer aos animais e colaboran nas actividades do campo, ou as que se realizan a panadarías, fábricas de queixo, etc, nas que participan directamente na elaboración do produto.

8. Realiza algunhas actividades de síntese ou de peche una vez rematada a saída? Cando? En que consisten?

Depende da saída. Normalmente actividades de avaliación que permitan obter información sobre os coñecementos acadados polo alumnado. Dependendo da saída, poden ser de diversa índole, como redaccións, fichas, elaboración de murais, simplemente repaso oral...

9. Utiliza algúns materiais para apoiar a saída? Que tipos de materiais? Son feitos por vostede, reelaborados a partir doutros ou feitos polas institucións visitadas?

Depende da saída e da unidade didáctica. Hai que ter en conta que as saídas non son o centro arredor do que xiran as actividades, senón ao revés, realízanse dentro dunha unidade didáctica na cal van deseñadas outras actividades. A saída proporciona experiencias directas e en contextos reais.

10. Cal é o seu nivel de satisfacción coas saídas escolares? E a do alumnado?

Quixera que fose posible que houbera máis saídas didácticas, e incluso máis participación do entorno na aula. Sempre ofrecen aprendizaxes máis significativas.

O alumnado sempre se amosa altamente motivado ante todas as aprendizaxes que impliquen unha saída didáctica.

11. Cales son os principais obstáculos e dificultades cos que se atopa nas saídas escolares?

A principal dificultade estriba en que a oferta de actividades amplíase durante o curso, e isto implica que moitas veces haxa que cambiar a programación en función do que se nos oferta.

Graciñas pola colaboración!

2.3 Cuestionario M3



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Traballo Fin de Grao

Este Traballo Fin de Grao realízase co obxectivo de elaborar un breve estudo sobre as saídas escolares, reparando na súa utilidade educativa e nas múltiples formas de levalas a cabo.

Agradecemoslle de antemán a súa participación ó realizar este cuestionario. A información que aparecerá neste será en todo momento anónima. Os datos persoais que aparecen nesta mesma páxina só serán coñecidos polos investigadores e en ningún momento serán difundidos publicamente.

M3

Idade: 41 anos

Anos de experiencia como

docente: 5 cursos

Centro en que traballa: CEIP de Carnota Localización do centro:

Concello de Carnota

Traballo Fin de Grao**Cuestionario para mestres/as sobre saídas escolares****1. Pode contarnos brevemente a súa traxectoria profesional (anos de traballo, destinos anteriores, proxectos e innovacións educativas)?**

Anos de traballo: 2 anos de substituta en períodos curtos de tempo e 3 cursos (co actual) de interina.

Proxectos dos que participei nos últimos dous curso:

-Aprendizaxe cooperativa.

-Nós tamén creamos.

2. Realiza saídas escolares co seu alumnado? Cantas saídas escolares se realizan no seu centro durante un curso aproximadamente? Cantas realiza vostede normalmente nun curso?

-Por norma realizo saídas escolares co alumnado dentro das programación de saídas que organizan desde o equipo de actividades extraescolares. Normalmente, prográmanse saídas por trimestre que moitas veces non chegan a realizarse. A maiores, hai unha saída a final de curso que se considera como excursión.

-Moitas veces, ao longo do curso, nalgúns centros nos que estiven acabei participando de saídas organizadas por entidades culturais ou fundacións. No meu centro, este curso realizamos unha saída no segundo trimestre e estamos a piques de facer outra neste terceiro trimestre.

-Eu cando son mestra titora procuro realizar unha cada trimestre en compañía da mestra de nivel ou coordinada co ciclo. Cando estou de mestra especialista de inglés non organizo saídas relacionadas coa miña materia mais participo daquelas que se organizan no centro.

3. Cales son os destinos das saídas escolares do seu centro habitualmente? Indique os lugares ou institucións que visitou co seu alumnado nos últimos anos.

Normalmente as saídas son á contorna próxima (lugar do concello ou da comarca que proporciona un contexto para os coñecementos que traballamos na aula), a unha das cidades próximas (Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra, Vigo...). Tamén se acostuma facer unha viaxe de fin de curso co alumnado do último nivel (6º) fóra de Galicia (Madrid, Barcelona ou outra cidade grande) ou a un espazo que ofrece actividades programadas con monitorado responsable e pensión completa (Manzaneda e Marcelle, por exemplo)

Lugares e institucións que visitei: saída ao Muíño do Folón en Carnota, visita programada ao mercado e á vila de Carnota.

4. Cales son as vantaxes pedagóxicas que ofrecen as saídas escolares? Para que serven, na súa opinión, as saídas e por que paga a pena facelas?

Vantaxes pedagóxicas: poñer en práctica e contextualizar o coñecemento adquirido; ofrecer a parte do alumnado a posibilidade de visitar espazos que por diferentes motivos non visita coa súa familia ou círculo social; interactuar cos seus iguais en espazos non habituais.

Penso que serven e pagan a pena, entre outros motivos (aínda que cada curso penso que son máis reacia a planificalas e con menos motivación):

- Ofrecemos ao alumnado a posibilidade de acceder e asistir a lugares que non van habitualmente.
- As docentes interactuamos co alumnado dun xeito diferente ao que facemos no ámbito académico.
- Coñecer ao alumnado noutro contexto: hábitos de consumo, ocio, comunicación...

5. Pode describirnos o proceso normal de preparación e desenvolvemento dunha saída que realiza co alumnado?

Programación dunha saída como mestra titora:

- Inclusión na programación anual.
- Comunicación á responsable de actividades extraescolares para a organización administrativa da saída (aviso ás familias, autobús de facer falta...)

-Canto á planificación de contidos: recollidas na programación e planificadas en relación aos contidos que traballo ou poden ser de interese para ese momento.

-Preparación dun caderno de saída para a recollida de datos e para momentos de ocio.

6. Realiza vostede algunhas actividades de preparación da saída co alumnado na aula? Cal é a súa importancia? En que consisten?

Se organizo eu a saída si. Considero que son de moita importancia para tirarlle o máximo rendemento á saída.

As actividades son diversas:

-Localización do espazo nun mapa.

-Presentación e análise dos elementos nos que nos imos fixar e dos datos que temos que tirar.

-Na primeira saída co alumnado: manexo básico dunha cámara de fotos (encadre, rexistro de imaxes nunha ficha)

-Análise do caderno da saída. O caderno contén follas que deben cubrir, unha parte responde ao ocio e outra á pescuda ou resolución do traballo académico.

7. Cales son as actividades que realizan os/as estudantes durante o desenvolvemento da saída? Pode citar as actividades que fan habitualmente os/as estudantes durante as saídas?

Depende da saída, pero en xeral responden a:

-Tirar fotos en equipos.

-Anotar datos.

-Recoller mostras (folletos, plantas secas...)

-Facer algún debuxo.

Todo isto queda rexistrado no caderno da saída.

8. Realiza algunhas actividades de síntese ou de peche una vez rematada a saída? Cando? En que consisten?

Na propia saída normalmente non, de volta da saída si.

Nas sesións seguintes á da saída.

-Visualización de fotos e creación de pés de imaxe e pequenas noticias.

-Rexistro dos datos recollidos para a súa análise.

-Mural de debuxos e imaxes.

Traballo cos materiais para continuar cos contidos que trallamos.

9. Utiliza algúns materiais para apoiar a saída? Que tipos de materiais? Son feitos por vostede, reelaborados a partir doutros ou feitos polas institucións visitadas?

Segundo a saída uso un tipo de materiais ou outros. De xeito xeral emprego:

-Mapas.

-Cámara de fotos por equipos.

-Caderno da saída.

-Presentación dixital sobre o lugar que imos visitar.

10. Cal é o seu nivel de satisfacción coas saídas escolares? E a do alumnado?

Normalmente quedo satisfeita e penso que se cumpren os obxectivos da saída. O alumnado tamén acostuma a gozar con este tipo de actividades.

11. Cales son os principais obstáculos e dificultades cos que se atopa nas saídas escolares?

-Transmisión ás familias e burocracia para levar adiante as saídas.

-Cando a saída téñ que contar coa achega económica das familias o feito de observar que moitas familias teñen dificultade para poder pagar.

-Ás veces, cando están organizadas polo centro e non están dentro da miña programación créanme bastantes desaxustes na miña programación.

-Pouca motivación.

Graciñas pola colaboración!

2.4 Cuestionario M4



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Traballo Fin de Grao

Este Traballo Fin de Grao realízase co obxectivo de elaborar un breve estudo sobre as saídas escolares, reparando na súa utilidade educativa e nas múltiples formas de levalas a cabo.

Agradecemoslle de antemán a súa participación ó realizar este cuestionario. A información que aparecerá neste será en todo momento anónima. Os datos persoais que aparecen nesta mesma páxina só serán coñecidos polos investigadores e en ningún momento serán difundidos publicamente.

M4

Idade: 31 anos

Anos de experiencia como

docente: 8

Centro en que traballa: C.e.i.p. Oza dos Ríos Localización do centro: Oza dos Ríos

Traballo Fin de Grao
Cuestionario para mestres/as sobre saídas escolares

1. Pode contarnos brevemente a súa traxectoria profesional (anos de traballo, destinos anteriores, proxectos e innovacións educativas)?

Logo de rematar maxisterio, cursei unha licenciatura de comunicación audiovisual. O proxecto fin de carreira versaba sobre a aplicación de contidos web para o desenvolvemento da competencia dixital na educación primaria. Isto promoveu a realización dunha colección de contos para tratar contidos interdisciplinares (a educación ambiental e a educación en valores) a través da animación dixital.

A miña traxectoria profesional sempre se desenvolveu en centros públicos da provincia da Coruña, traballando na educación primaria. Porén, tamén desempeñei a práctica educativa con alumnado con necesidades educativas en centros ordinarios.

En canto á innovación educativa, traballamos na aula as materias ordinarias a través de diferentes metodoloxías globalizadas, sempre tendo presentes as novas tecnoloxías como soporte motivador.

Así mesmo, coordinei un grupo de traballo sobre a educación emocional no alumnado.

2. Realiza saídas escolares co seu alumnado? Cantas saídas escolares se realizan no seu centro durante un curso aproximadamente? Cantas realiza vostede normalmente nun curso?

É necesario o desenvolvemento de saídas escolares para o afianzamento de contidos e o desenvolvemento das competencias básicas, sobre todo na área de coñecemento do medio. Ao longo do curso realizamos tres saídas (correspondentes a cada un dos trimestres), pero ao longo do mesmo, poden acontecer diferentes actividades complementarias non inmersas na programación xeral (visitas a exposicións, museos, rutas de sendeirismo...).

Aproximadamente, ao longo do curso, podemos realizar de tres a cinco saídas.

3. Cales son os destinos das saídas escolares do seu centro habitualmente? Indique os lugares ou institucións que visitou co seu alumnado nos últimos anos.

- Casa dos Peixes (A Coruña).
- Acuario do Grove (Pontevedra).
- Casa das Ciencias (A Coruña).
- Casa do mel de Goente (As Pontes).
- Granxa de Xanceda (A Coruña).
- Marcelle (Lugo).
- Museo de Belas Artes (A Coruña).

4. Cales son as vantaxes pedagóxicas que ofrecen as saídas escolares? Para que serven, na súa opinión, as saídas e por que paga a pena facelas?

Vantaxes pedagóxicas → establecer contacto directo cos contidos traballados (o alumnado asimila mellor os contidos conceptuais, actitudinais e procedimentais a través de vivencias directas co medio).

Dende o meu punto de vista, as saídas escolares favorecen a interconexión de contidos, o desenvolvemento de experiencias e o coñecemento do entorno.

5. Pode describirnos o proceso normal de preparación e desenvolvemento dunha saída que realiza co alumnado?

1º: Presentación da actividade (activación de coñecementos previos mediante un tornado de ideas).

2º: Procura de información (a través dun cuestionario sinxelo para completar preguntas).

3º: Saída.

4º: Posta en común da experiencia.

6. Realiza vostede algunhas actividades de preparación da saída co alumnado na aula? Cal é a súa importancia? En que consisten?

(Punto 5)

7. Cales son as actividades que realizan os/as estudantes durante o desenvolvemento da saída? Pode citar as actividades que fan habitualmente os/as estudantes durante as saídas?

- Xogos sobre procura de información.
- Actividades grupais para fomentar a socialización do alumnado con outros centros.
- Visualización propia dos contidos específicos da actividade.

Desenvolvemento de actividades procedimentais co contacto directo co medio tratado.

8. Realiza algunhas actividades de síntese ou de peche una vez rematada a saída? Cando? En que consisten?

Unha vez de regreso á aula, faise unha posta en común da experiencia, mediante diferentes tipos de actividades:

- Debates.
- Ilustracións.
- Murais.
- Resumos...

9. Utiliza algúns materiais para apoiar a saída? Que tipos de materiais? Son feitos por vostede, reelaborados a partir doutros ou feitos polas institucións visitadas?

Non. Cando o alumnado leva cuestionarios para completar durante a visita, non goza plenamente da mesma (os nenos e nenas están máis pendentes de completar as táboas/cadros que de vivir a experiencia).

10. Cal é o seu nivel de satisfacción coas saídas escolares? E a do alumnado?

Toda saída escolar é gratificante. Sobre todo para o alumnado.

11. Cales son os principais obstáculos e dificultades cos que se atopa nas saídas escolares?

Sobre todo, o custe económico dalgunhas saídas (transporte, comida, entrada...).

2.5 Cuestionario M5



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Traballo Fin de Grao

Este Traballo Fin de Grao realízase co obxectivo de elaborar un breve estudo sobre as saídas escolares, reparando na súa utilidade educativa e nas múltiples formas de levalas a cabo.

Agradecemoslle de antemán a súa participación ó realizar este cuestionario. A información que aparecerá neste será en todo momento anónima. Os datos persoais que aparecen nesta mesma páxina só serán coñecidos polos investigadores e en ningún momento serán difundidos publicamente.

M5

Idade: 58

Anos de experiencia como docente: 32

Centro en que traballa: CPI Alcalde Xosé Pichel

Localización do centro: Coristanco

Traballo Fin de Grao
Cuestionario para mestres/as sobre saídas escolares

1. Pode contarnos brevemente a súa traxectoria profesional (anos de traballo, destinos anteriores, proxectos e innovacións educativas)?

- Dende que aprobei a oposición estiven provisional neste centro, agás os tres cursos que estiven provisional nunha escola unitaria de Oca, que tamén pertence a Coristanco.
- Dende sempre me gustou innovar, en certa medida. De feito, aos poucos anos de empezar, eu traballaba polo que agora de lle chama “por proxectos”, pero antes non tiña un nome. Comecei a darme conta de que era moito mellor non guiarse polo libro, porque ás veces os contidos que se daban eran baleiros, non tiñan nada que ver cos nenos, cos seus intereses. Entón eu intentaba, que o sigo facendo, encamiñar todo cara o seu día a día, facendolles ver que todo estaba en relación, que todo ten que ver con todo.

2. Realiza saídas escolares co seu alumnado? Cantas saídas escolares se realizan no seu centro durante un curso aproximadamente? Cantas realiza vostede normalmente nun curso?

- Si, habitualmente realízanse entre dúas e tres saídas por trimestre, aínda que ás veces, xurde algunha outra a maiores.

3. Cales son os destinos das saídas escolares do seu centro habitualmente? Indique os lugares ou institucións que visitou co seu alumnado nos últimos anos.

- Adoitan ser saídas didácticas e culturais: concertos, escolas de belas artes, a Domus, o Muncit, o Acuarium, o planetario, o Melga, Santiago de Compostela: visitas guiadas á Catedral e percorrido pola cidade, ao museo do pobo galego ou visitas a reservas naturais. Moitas veces, en esas saídas que se fan con certa improvisación, son solicitadas por nós, os propios mestres, para aproveitar os recursos, sobre todo de tipo natural que nos ofrece a contorna, por exemplo, a última que fixen coa miña clase, foi a saída á Lagoa de Baldaio para explicar que

é e como funciona un ecosistema.

4. Cales son as vantaxes pedagóxicas que ofrecen as saídas escolares? Para que serven, na súa opinión, as saídas e por que paga a pena facelas?

- Son necesarias porque sempre se adoitan aplicar os coñecementos adquiridos da aula, ademais, os alumnos saen do seu entorno habitual aproveitando eses coñecementos pero nunha xornada lúdica.

5. Pode describirnos o proceso normal de preparación e desenvolvemento dunha saída que realiza co alumnado?

- Previamente á saída, sempre proxecto aos alumnos a onde vamos a ir ou que imos visitar e ver para poñelos un pouco en situación e reflexionar sobre como aproveitar na saída os coñecementos que estivemos vendo na clase .

6. Realiza vostede algunhas actividades de preparación da saída co alumnado na aula? Cal é a súa importancia? En que consisten?

- Fago o dito na pregunta anterior, xa que considero importante que o feito de que sexa unha saída, non implica que sexa unha viaxe sen sentido, senón un acontecemento didáctico totalmente aproveitable, porque para iso, ao comezo de curso, se programan as visitas de acordo aos obxectivos do curso no que se fan.

7. Cales son as actividades que realizan os/as estudantes durante o desenvolvemento da saída? Pode citar as actividades que fan habitualmente os/as estudantes durante as saídas?

- Depende moito da saída, normalmente adoitan ter un papel bastante activo, aínda que como xa digo, depende da situación. Por exemplo, na última saída á Lagoa de Baldaio, todos xuntos, con preguntas, dúbidas e exemplos, fomos chegando a conclusións.
- Creo que na maioría dos lugares intentan que os rapaces aprendan dunha maneira divertida e máis ben dinámica, normalmente outórganlle a eles todo o protagonismo, sobre todo na educación primaria.

8. Realiza algunhas actividades de síntese ou de peche una vez rematada a saída?

Cando? En que consisten?

- Si, normalmente facemos unha posta en común coas ideas que sacaron da excursión e incluso ás veces unha redacción de opinión con todo o que aprenderon persoalmente e si a volverían a repetir, de forma que, eu sei se lles pagou a pena ir e si deberíamos volver a facela os vindeiros cursos ou non.

9. Utiliza algúns materiais para apoiar a saída? Que tipos de materiais? Son feitos por vostede, reelaborados a partir doutros ou feitos polas institucións visitadas?

- Normalmente non os utilizo, pois nas saídas propostas, ou ben non son necesarios ou ben xa llelos dan eles.

10. Cal é o seu nivel de satisfacción coas saídas escolares? E a do alumnado?

- A min gústanme moito, porque nós tamén saímos da rutina e aos alumnos sérvelle moito, volven despexados á aula nos días seguintes, aínda que ás veces tamén un pouco revolucionados. Pero creo que son un bo recurso, a todos nos fai falla cambiar de aires de vez en cando.

11. Cales son os principais obstáculos e dificultades cos que se atopa nas saídas escolares?

- Cando van pasando os anos acostúmaste porque as saídas están perfectamente adaptada e sabes o que tes que facer. Tamén depende das idades dos alumnos, porque segundo sexan de máis ou menos idade tes máis responsabilidade. Pero normalmente, ao falar dela previamente na clase xa os pos en antecedente, e por tanto, tamén lles comentas que se deben portar ben, fas que se poñan un pouco no teu papel.
Hoxe en día, non considero que haxa ningún obstáculo no que é a saída en si, si falamos de obstáculos económicos por parte das familias e dos centros, xa é outro tema.

Graciñas pola colaboración!

2.6 Cuestionario M6



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Traballo Fin de Grao

Este Traballo Fin de Grao realízase co obxectivo de elaborar un breve estudo sobre as saídas escolares, reparando na súa utilidade educativa e nas múltiples formas de levalas a cabo.

Agradecemoslle de antemán a súa participación ó realizar este cuestionario. A información que aparecerá neste será en todo momento anónima. Os datos persoais que aparecen nesta mesma páxina só serán coñecidos polos investigadores e en ningún momento serán difundidos publicamente.

M6

Idade: 57 anos

Anos de experiencia como

docente: 30

Centro en que traballa: C.P.I. O Cruce

Localización do centro: Cerceda

Traballo Fin de Grao**Cuestionario para mestres/as sobre saídas escolares****1. Pode contarnos brevemente a súa traxectoria profesional (anos de traballo, destinos anteriores, proxectos e innovacións educativas)?**

Levo 24 anos no mesmo colexio, antes traballei uns 6 anos nunha academia dando clases particulares. Participo en distintos proxectos: “Avalar”, “Regio”, “Comenius” , “Eva”...

2. Realiza saídas escolares co seu alumnado? Cantas saídas escolares se realizan no seu centro durante un curso aproximadamente? Cantas realiza vostede normalmente nun curso?

Si, normalmente unha por trimestre, pero varían segundo os ciclos e cursos.

3. Cales son os destinos das saídas escolares do seu centro habitualmente? Indique os lugares ou institucións que visitou co seu alumnado nos últimos anos.

- O entorno do colexio, concertos, a Costa da Morte.
- A casa das ciencias, a Casa do home, a Casa dos Peixes (na Coruña).
- Este ano fomos todo o colexio a Santiago e fixemos un cadro do camiño de Santiago con outras comunidades autónomas.

4. Cales son as vantaxes pedagóxicas que ofrecen as saídas escolares? Para que serven, na súa opinión, as saídas e por que paga a pena facelas?

As saídas teñen que servir para disfrute dos nenos/as, e tamén para conseguir algún obxectivo da programación. As saídas axúdannos a coñecer outras cousas, outras persoas, e a ter outras estimulacións. Paga a pena facelas.

5. Pode describirnos o proceso normal de preparación e desenvolvemento dunha saída que realiza co alumnado?

Información detallada ás familias da viaxe: data, medio de transporte, custe económico, comida do centro ou da casa.

O máis importante é porque se fan as saídas (que queremos conseguir).

Deben ir na programación xeral para ser aprobadas polo Claustro e polo Consello Escolar, pero deben ir concretadas nas programacións didácticas.

6. Realiza vostede algunhas actividades de preparación da saída co alumnado na aula? Cal é a súa importancia? En que consisten?

Si. Non se pode improvisar, inda que ás veces haxa que facelo. Temos que preparar que imos visitar, a seguridade dis nenos, o compañeiro/a de viaxe, etc.

7. Cales son as actividades que realizan os/as estudantes durante o desenvolvemento da saída? Pode citar as actividades que fan habitualmente os/as estudantes durante as saídas?

Disfrutar, observar, cumprir as normas, facer o que o guía indique, respectar o medio que visitan, coñecer e relacionarse.

8. Realiza algunhas actividades de síntese ou de peche una vez rematada a saída? Cando? En que consisten?

- Si, sobre todo saber o que lle fustou, o que non lle gustou, o que lle molestou (oral).
- Debuxo representativo.
- Narración escrita sobre as súas impresións.

9. Utiliza algúns materiais para apoiar a saída? Que tipos de materiais? Son feitos por vostede, reelaborados a partir doutros ou feitos polas institucións visitadas?

Si, material audiovisual, gráficos, poden ser feitos persoalmente ou reelaborados a partir de algo feito.

10. Cal é o seu nivel de satisfacción coas saídas escolares? E a do alumnado?

O nivel de satisfacción é grande, tanto o dos mestres coma o do alumnado.

11. Cales son os principais obstáculos e dificultades cos que se atopa nas saídas escolares?

O noso colexio está ben dotado de materiais e recursos, hai poucos atrancos para realizar as saídas.